CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ACTA Nº 2021/2

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa Consistorial – Semipresencial sen público
Data: mércores 27 de xaneiro de 2021
Hora de comezo: 19:00 horas en primeira convocatoria
Hora de remate: 21:42 horas

Enlace acta dixital: https://youtu.be/FNQ2Pnvj-XU

ASISTENTES:

Alcalde:

José Antonio Pereira Gil (PSdeG-PSOE)

Concelleiros:

Mónica González Blanco (PSdG-PSOE)
Jesús Manuel Pena Varela (PSdG-PSOE)
Ana Paramos Cebey (PSdG-PSOE)
José Andrés García Cardeso (PP)
José Manuel Landeira Liñares (PP)
Alicia Blanco Sande (PP)
María Rosa Ramos Freita (PP)
Francisco Pérez Redondo (PP)
César Ramos Domínguez (CxG)
David Gontán Varela (CxG)

AUSENTES

Non hai ausentes

Actúa como secretaria do Pleno a secretaria-interventora da Corporación, Ángela María Viqueira Allo.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DE 30.12.2020; 21.01.2021

2. DACIÓN EN CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

3.- SOLICITUDE PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DOS CONCELLOS) POS+2021

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

5.- SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021

II PARTE DE CONTROL

6.-.ASUNTOS DE URXENCIA SOMETIDOS AO ABEIRO DOS ARTIGOS 82.3 E 91.4 DO REAL DECRETO 2568/1986

7.-ROGOS E PREGUNTAS

As deliberacións correspondentes aos puntos tratados na sesión plenarias recóllense sintetizadamente (artigo 109.1.g) do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais); as intervencións íntegras atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL:

https://youtu.be/FNQ2Pnvj-XU

I PARTE RESOLUTORIA

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DE 30.12.2020; 21.01.2021

Preséntanse para a aprobación, no seu caso, as actas correspondentes á sesión ordinaria 30.12.2020 e á sesión extraordinaria 21.01.2021, todas elas distribuídas coa convocatoria.

O alcalde cede a palabra aos voceiros dos distintos grupos para que se pronuncien sobre cada unha das actas, e sobre se teñen observacións ou emendas sobre elas.

VOTACIÓNS E ACORDOS

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 30.12.2020

Sométese a aprobación da acta da sesión ordinaria plenaria de 30.12.2020, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da aprobación.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA DE 21.01.2021

Sométese a aprobación da acta da sesión extraordinaria plenaria de 20.01.2021, a votación ordinaria, e obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da aprobación.

ACORDOS

PRIMEIRO. Aprobar, por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes, as actas da sesións do Pleno do Concello que tiveron lugar o día 30/12/2020 e o 21/01/2021.

SEGUNDO. Incorporar as ditas actas ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura da secretaria-interventora da Corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

2. DACIÓN EN CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta ao Pleno das resolucións da Alcaldía ditadas entre o 22 de decembro de 2020 e o 20 de xaneiro de 2021, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real Decreto 2568/1986, 28 de novembro), que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras dende a convocatoria do Pleno.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía referenciadas.

3.- SOLICITUDE PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) POS+2021

Dáse conta do ditame preceptivo non vinculante, co voto favorable do grupos municipais do PP e PsdeG-PSOE e a abstención do grupo municipal de Compromiso por Galicia, da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno con data do 21 de xaneiro de 2021, que de seguido se transcribe:

"APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021"

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión informativa única (asuntos do pleno) o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitiuse o seguinte DITAME:

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

"PROPOSTA DE DITAME

APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021"

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2021" da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 205, 01/12/2020).

Polo exposto PROPOÑO á Comisión Informativa Única a adopción do seguinte ditame:

Primeiro.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021","achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	*Capítulo VI*	*Total*
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			

B) Financiamento de gastos correntes:

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	45.647,70
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	45.647,70

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAV. V.P. AC 444 MARCELLE BARRO	180.227,85	0,00	180.227,85
Subtotal investimentos achega provincial 2021	180.227,85	0,00	180.227,85

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
PAV. V.P. MENLLE DE ARRIBA-PARADAS	106.573,52	0,00	106.573,52
SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN VILAR (MARCELLE)	30.381,14	0,00	30.381,14
Subtotal investimentos achega provincial 2020	136.954,66	0,00	136.954,66

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

E) Resumo:

SUBTOTAIS		*Deputación*	*Concello*	*Total*
A- PAGO A PROVEDORES	*Achega 2020*			
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	*Achega 2021*	*45.647,70*	*0,00*	*45.647,70*
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	*Achega 2021*	*180.227,85*	*0,00*	*180.227,85*
	Achega 2020	*136.954,66*	*0,00*	*136.954,66*
D- REDUCIÓN DÉBEDA	*Préstamo 2021*			
T O T A L	*Achega 2021*	*225.875,55*	*0,00*	*225.875,55*
	Achega 2020	*136.954,66*	*0,00*	*136.954,66*
	Préstamo 2021			
	TOTAL	*362.830,21*	*0,00*	*362.830,21*

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	*Orzamento*
PAV. V.P.ACCESOS BUCHAIN-NANTON	*141.295,54*
PAV. V.P.A TARROEIRA Y TRASBARCALA LTE NEGREIRA	*69.515,35*

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbkvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

PAV. V.P. CORES-LAMEIRO	*67.160,28*
ABASTECEMENTO AUGA EMES-BARCALA	*48.084,27*
MELLORA E REPOSICIÓN DE CAMIÑO DE SERVICIO LAMEIRO-RIAL	*167.338,38*
PAV. V.P. A EDREIRA	*31.077,42*
PAV. V.P. LAÑAS E FIOPANS	*56.270,25*
PAV. V.P.O CRUCEIRO-CANLE PARAXÓ	*45.964,29*
TOTAIS	*626.705,78*

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

O alcalde (presidente da comisión informativa única), asinado dixitalmente
José Antonio Pereira Gil"

INTERVENCIÓNS

O Sr. Alcalde manifesta que para tratar de consensuar esta proposta, o pasado 13 de xaneiro convocouse a unha reunión aos portavoces dos distintos grupos políticos. Nesa convocatoria presentáronse o que considerábamos as obras prioritarias para este POS, entre elas estaba o abastecemento de auga de Seoane, a pavimentación de Vilar – Marcelle, o saneamento que falta na parroquia de San Vicenzo, de Liñares a San Salvador, o saneamento en Salvande-Xasoso, a pavimentación de Menlle de Arriba a Paradas, a Pavimentación de Lañas a Fiopáns; proxectos que xa estaban redactados no anterior POS. A pavimentación Cruceiro-Canle-Paraxó que tamén xa estaba redactado no anterior POS e a pavimentación e aglomerado da baixada de Buchaín.

Na reunión entre voceiros que tivo lugar o día 15, Compromiso por Galicia non asistiu e dixo que ia presentar a súa propia proposta. Despois de debater a proposta que trouxo o Partido Popular, chegamos a un consenso para sacar un POS conxunto, despois de planificar e intentar consensuar acordos, chegouse á unha proposta conxunta que é a que se levou á Comisión Informativa, quedando do seguinte xeito:

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

-Para gasto corrente 45,647,70 € da achega provincial 2021.
-A pavimentación de Marcelle/Barro por importe de 180.227,85 €.
-Na achega provincial 2020 decidiuse incorporar a pavimentación de Menlle de Arriba a Paradas cun valor de 106,573,52 €.
-A pavimentación de Saneamento de Vilar por un custo de 30,381,14 €. Despois decidíronse unha serie de obras para incluír no Plan Complementario, aproveitáronse proxectos que xa estaban no Plan Complementario do POS do ano pasado e aumentouse algún novo como é a pavimentación para o acceso a Buchaín-Nantón, a pavimentación Tarroeira – Trasbarcala – Negreira e a pavimentación de Cores – Lameiro, o abastecemento de auga de Emes cara Barcala, a mellora e reposición do camiño de servidume Lameiro – Rial, a pavimentación na Edreira, pavimentación Lañas-Fiopáns, e a pavimentación Cruceiro – Canle – Paraxó.
Como imos someter o asunto a votación cédolle a palabra ao resto dos partidos.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso expón que cando chegamos todos os anos á Programación do Plan de Obras e Servizos da Deputación, sempre hai propostas de todo tipo de obras que se poden incluír. A pesar da contía pequena que achega a Deputación Provincial, a proposta que nós puxemos enriba da mesa é redactada tal cal, consensuada e negociada, porque todas as obras son importantes. Nos entendemos que o que resulta mais importante é a comunicación entre núcleos e de vías secundarias como é o caso do cruce de Marcelle cara a pista que agora se vai a conectar con Cantalarrana e tamén a do Barro ata Nantón. Entendemos que o gasto corrente debe usarse con sentido común, hai gastos importantes, non se pode gastar por gastar e cando remate o inverno non aparezan dificultades.

Polo que respecta á achega provincial 2020, entendemos que xa estaba o ano pasado: De Menlle de Arriba cara Paradas, cara o cruce que vai ao Castro de Lañas, dado que se está deteriorando, xa pasou un ano e vai a pasar novamente porque estas obras cando se actúa coas dificultades meteorolóxicas non quedan debidamente arranxadas. Despois hai unha pavimentación pequena para actuar en Vilar de Marcelle que aínda que está bastante ben, meteron auga polo medio do núcleo e deteriorouse na parte baixa deste núcleo, polo que é importante realizar obra. Despois propoñemos, xa que o Plan Complementario é importante porque é o resultado da incorporación de remanentes así como das baixas de crédito da Deputación, por iso unha obra importante é dende Nantón, toda esa subida, falo de Nantón cara riba, de Buchaín cara Nantón, eses 2 Qm. 300 m. e que levan consigo a pavimentación do núcleo de Buchaín cara Nantón, por importe de 141,295,54 €.

Hai, tamén, proxectos do ano pasado como é a pavimentación da Tarroeira cos límites de Negreira e incluso o de Redemuíños ou Trasbarcala, onde está o Tanatorio, eses 300 m. cara a ponte e que están bastante deteriorados. Tamén dende Cores ao Lameiro hai que actuar porque porque pasan con moita dificultade dous coches por esa pista, polo que hai que ampliar e entubar a cuneta, propuxemos esta obra por valor de 67,160,28 €.

Tamén están as obras de abastecemento de auga en Barcala, a mellora da reposición do camiño de Lameiro a Rial, a pavimentación de Lañas a Fiopáns pola parte onde está a Área Recreativa; tamén cara a entrada de Vilar de Suso e outro anaco xunto a casa de Fagín Paredes. Outra obra do ano pasado, porque se trata de recuperar proxectos e non facer proxectos sobre proxectos é a obra de Cruceiro – Canle – Paraxó, ven sendo esa uve dende O Arranca cara o Canle e Paraxó, por valor de 45,964,29 €, fan un total de seiscentos e pico.

Entendemos que coa situación que estamos vivindo non podemos aventurarnos pero dende o noso grupo tratamos de darlle toda a importancia para mellorar os servizos, os abastecementos, as pavimentacións, os saneamentos, temos que darlle importancia a todas as obras que se fagan dende o Concello para que os nosos veciños gocen dun benestar, por iso nos demos traslado da nosa proposta que cumpre case ao 100% o que nos propuxemos, polo que imos votar a favor.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez, indica que dende o seu grupo informouse ao Sr. alcalde, tanto de forma telefónica como a través dun escrito por correo electrónico, de que non íamos participar na reunión para tratar o POS, e vou ler o texto para que se entenda a nosa forma de pensar:

"*Compromiso por Galicia non se vai reunir o vindeiro venres para tratar o POS. É competencia do alcalde, entre outras cousas, facer cumprir os acordos do Concello. Cremos que esta Alcaldía leva tempo*

CVD: O/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

deslexitimando ao Pleno por negarse a cumprir os acordos votados e aprobados na Moción. Vemos neste feito, e noutros o carácter antidemocrático deste grupo de goberno polo que decidimos non participar nestas xuntanzas. Dende Compromiso por Galicia, como xa lle adiantei por conversa telefónica, imos enviar a nosa proposta coa finalidade de ser informada en Comisión e ser votada en Pleno".

Dende Compromiso por Galicia enviouse unha proposta tanto ao Partido Popular como ao grupo de goberno, por Sede Electrónica, con seis actuacións para incluír no POS e outras cinco para incluír no Plan Complementario, por considerar que eran as máis importantes e gozan de prioridade segundo o noso entender. Moitas delas eran as que xa propuxera Compromiso por Galicia no POS do ano anterior. Previamente a esta xuntanza o PSOE envíounos unha proposta, por correo electrónico, e o Partido Popular envíounos outra. A proposta que nos enviou o Partido Popular, practicamente incluía todas as actuacións que propoñía Compromiso por Galicia, é exactamente esa proposta do PP, que inclúe as actuacións de Compromiso por Galicia. Cremos que é unha proposta coherente, cun reparto equitativo. Evidentemente hai moitas máis actuacións que tamén son importantes e que non se poden incluír e como a realidade actual é a que é e dende a Deputación cada vez recortan máis as actuacións nos Concellos pequenos, e polo tanto imos votar a favor. Son unhas obras que solicitamos, é unha proposta equitativa, polo que imos votar a favor.

O Sr. alcalde pregúntalle ao voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia se retira a súa proposta para que non sexa sometida a votación.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia indica que o seu grupo non fixo unha proposta, Compromiso por Galicia enviou unha serie de obras para incluír no POS, hai que ler a documentación que se envía. O noso grupo mandou seis obras do Plan Único 2021 que son prioridades e cinco obras complementarias para o 2021, non hai ningunha proposta en firme para someter a votación.

O Sr. alcalde interpela sinalando que o seu grupo presenta unha proposta de actuacións para o POS coa finalidade de ser valorada polos demais grupos políticos. Entón o que se vai a votar é a proposta que se consensuou entre o Partido Popular e o Partido Socialista.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia Eu dígolle que imos votar exactamente a proposta do Partido Popular.

Sometido o asunto a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: 11

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Queda aprobado por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a solicitude **Plan Provincial De Cooperación ás obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único dos Concellos) POS+2021**

4.- <u>APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS</u>

Dáse conta do ditame preceptivo non vinculante, co voto favorable do grupos municipais do PP e PsdeG-PSOE e a abstención do grupo municipal de Compromiso por Galicia, da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno con data do 21 de xaneiro de 2021, que de seguido se transcribe:

"ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DO "PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA BAÑA

Na sesión realizada pola Comisión informativa única (asuntos do pleno) o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitiuse o seguinte DITAME:

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

"PROPOSTA DE DITAME

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

APROBACIÓN DEFINITIVA DO "PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA BAÑA"

Considerando o acordo de aprobación provisional do "PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DA BAÑA" adoptado en sesión plenaria ordinaria celebrada en data de 28/10/2020 o cal se reproduce literalmente:

"ANTECEDENTES

Borrador do Plan Municipal De Prevención E Defensa Contra Os Incendios Forestais Do Concello Da Baña

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRA. Entre a competencias que o artigo 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDIFG) atribúe ás entidades locais, está a elaboración e aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (PMPDIF), consonte ó previsto nas lexislacións galegas de prevención e extinción de incendios e de montes e cuxa elaboración, execución e actualización ten carácter de obriga (artigo 16.4 LPDIFG).

Aclárase que, conforme ao artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, non ten a consideración de servizo mínimo de prestación obrigatoria nos concellos con poboación inferior a 5000 habitantes a prevención de incendios.

O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais configúrase como un plan especial para facer fronte ás emerxencias derivadas dos riscos dos incendios forestais e que, no nivel municipal, integrará nos plans de emerxencia municipais as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais do municipio (artigo 16 LPDIFG).

SEGUNDA. De conformidade co artigo 16 da LPDIFG, a estrutura do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais debe ser a establecida mediante orde da consellería competente en materia forestal – a día de hoxe non foi ditada a referida orde – e seguindo as directrices fixadas na normativa en materia de emerxencias. Incluirá, polo menos, as pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal, a definición das redes de faixas secundarias, así como, a análise da propiedade destas redes de faixas.

Este planeamento pode incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto da lei en solo urbano, núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.

Neste contexto, revisten especial importancia as redes de faixas de xestión da biomasa, que a Lei define como o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente situadas, onde se garante o control e eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas idóneas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendios (artigo 2.15 LPDIFG), polo tanto, instrumento fundamental en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

A xestión da biomasa que existe nos terreos forestais e zonas de influencia forestal realízase a través destas faixas, que o artigo 20 da referida Lei divide en primarias, secundarias e terciarias.

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Correspóndelle ás entidades locais a xestión das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa (artigo 7.e) da LPDIFG), ás que a Lei lle atribúe como función prioritaria a protección dos núcleos poboacionais, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais, así como, as faixas laterais de redes viarias da súa titularidade. As referidas redes de faixas secundarias, cuxa xestión é de competencia municipal, deben quedar definidas no planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (artigo 16.2 LPDIFG).

TERCEIRA. No tocante ao procedemento unha vez recibido o borrador do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais, deberá procederse á súa aprobación provisional e remisión á Consellería de Medio Rural a fin de que esta envíe o documento definitivo asinado.

En virtude do exposto, propoño ao Pleno, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar de forma provisional o "Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello da Baña".

SEGUNDO. Remitir á Consellería de Medio Rural – Seaga a aprobación do plan provisional a fin de que se remita o documento definitivo asinado."

Considerando o informe emitido pola Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural "O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do concello de A Baña cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación. En consecuencia, en vista do exposto anteriormente, esta Subdirección Xeral informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de A Baña, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, tal e como se establece no artigo 21.1.a da Lei 3/2007 do 9 de abril, e arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte, tal e como se establece no artigo 21.1.b da Lei 3/2007, do 9 de abril, e arredor das edificacións illadas destinas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte, tal e como se establece no artigo 21.1.c) da Lei 3/2007, do 9 de abril."

Polo exposto PROPOÑO á Comisión Informativa Única a adopción do seguinte ditame:

PRIMEIRO. Aprobar de forma definitiva o "Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello da Baña".

SEGUNDO. Remitir á Consellería de Medio Rural – Seaga o devandito acordo.

O alcalde (presidente da comisión informativa única), asinado dixitalmente
José Antonio Pereira Gil

INTERVENCIÓNS

O Sr. alcalde explica que este Plan xa se trouxera ao Pleno, púxose a exposición pública e para ratificala. É un proxecto que xa ven dende atrás, rematouse e agora é o último proceso para finalizalo, por dicilo dalgunha maneira.

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso indica que como ben dixo o Sr. alcalde este xa é un proxecto que ven de atrás , de hai dous meses e medio, trátase do anteproxecto que presentara o noso grupo porque pedírano dende a Xunta, fixérase un borrador e enviámolo á Consellería de Medio Rural para que o revisaran. Corrixiron algunha cousa pero deron o seu visto bo. Logo tróuxose ao Pleno para aprobalo inicialmente, expúxose ao público e agora hai que facer a aprobación definitiva para que entre en vigor, porque hai que dicir que o noso é un Concello de risco cando hai incendios forestais, polo que é importante este Plan de Incendios.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez sinala que o seu grupo está a favor, este escrito xa se aprobou inicialmente, e nos xa votáramos a favor e o mesmo imos facelo agora. Está ben que se aprobe este punto.

Sometido o asunto a votación acádase o seguinte resultado:

A favor: 11

En contra: 0

Abstencións: 0

Queda aprobado por unanimidade dos concelleiros e concelleiras o **Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.**

5.- SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2021 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2021

Dáse conta do ditame preceptivo non vinculante, co voto favorable do grupos municipais do PP e PsdeG-PSOE e a abstención do grupo municipal de Compromiso por Galicia, da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno con data do 21 de xaneiro de 2021, que de seguido se transcribe:

"ASUNTO: APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2021" PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión informativa única (asuntos do pleno) o día xoves 21 de xaneiro de 2021 emitiuse o seguinte DITAME:

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

"PROPOSTA DE DITAME

APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2021" PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2021" da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 205, 01/12/2020).

Polo exposto PROPOÑO á Comisión Informativa Única a adopción do seguinte ditame:

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Primeiro.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	*136894,27 €*

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	*PREVISIÓN DE GASTOS 2021*	*ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS*	*ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO* *(Pode ser superior ao importe solicitado)*
	(A)	*(B)*	*(A-B)*
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. *(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)*	*30.00,00*	*0,00*	*0,00*
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	-	-	-
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	*10.000,00*	*0,00*	*0,00*

CVD: O/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	*PREVISIÓN DE GASTOS 2021*	*ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS*	*ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO* *(Pode ser superior ao importe solicitado)*
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. *(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)* *Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.*	*96.899,27,00*	*0,00*	*0,00*
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	-	-	-
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.	-	-	-
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	-	-	-
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	-	-	-
T O T A L	*136894,27*	*0,00*	*0,00*

CVD: O/Tk6T6nlYqqRbkvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	*PREVISIÓN DE GASTOS 2021*	*ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS*	*ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO* *(Pode ser superior ao importe solicitado)*

Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

O alcalde (presidente da comisión informativa única), asinado dixitalmente
José Antonio Pereira Gil"

INTERVENCIÓNS

O Sr. alcalde explica que na Comisión Informativa levouse unha proposta para repartir esta partida de *136894,27 €*. Preguntouse no Departamento de Servizos Sociais cales eran as necesidades prioritarias para que o servizo tivese unha continuidade e dera servizo a todos os veciños nesta situación tan delicada que estamos a padecer debido a esta pandemia. Despois de falalo con Servizos Sociais emitimos unha proposta que se trouxo á Comisión Informativa donde destinábamos unha partida de 30,000 euros para o reforzo de persoal técnico en atención a facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plans, xa que o servizo a día de hoxe está saturado. Estase ofrecendo unha atención ao público maior da que se viña facendo, cando antes soamente se facía tres días á semana, agora estase facendo cinco días, polo tanto iso relentiza a tramitación da documentación, dos informes, das visitas, etc., polo que destinaríamos unha partida de 30.000,00 € para facer unha contratación dun traballador social, e desta maneira dotar de máis axilidade ao servizo. Por outro lado valorouse unha partida de 10.000,00 € para axudas ás familias, para gastos que permitan a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valorados polos profesores dos servizos sociais comunitarios. Esta partida iría destinada para, a través, dun sistema de préstamo, dalgunha maneira ter uns portátiles para poder seguir estudando si se suspenden as clases para aquelas familias que necesiten este tipo de tecnoloxías.

Despois hai unha partida de 96,889,27 € para ampliar o servizo de Axuda a Domicilio en todas as súas modalidades e calquera outra que de análoga natureza se presten no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. Esta proposta foi debatida na Comisión Informativa sen chegar a un consenso, nesa Comisión Informativa decidiuse facer unha nova reunión a cal se levou a cabo de maneira telemática para consensuar posturas, xa que por parte de Compromiso por Galicia e do Partido Popular nos pedían uns informes para xustificar a contratación de persoal técnico. Os informes do persoal de Servizos Sociais foron facilitados, e despois de intentar consensualo, por parte do Partido Popular e de Compromiso por Galicia, o PP non via viable a contratación do referido técnico e por parte de Compromiso por Galicia manifestaron a súa abstención.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez indica que o sue grupo non se abstivo porque non houbo que votalo, Compromiso por Galicia simplemente dixo que reservaba o voto para o Pleno. Vostede dixo que era unha reunión informal, paréceme que non é ético dicir publicamente o que pasou nunha reunión informal, pero vostede se quere facelo fágao. Está dicindo que era una reunión informal e agora aquí no Pleno está contando todo o que se falou na reunión informal, non me parece ético nin un bo exemplo pola súa parte. Compromiso por Galicia nesa reunión dixo que ia valorar a documentación e que ia votar no Pleno, non se abstivo porque non houbo unha votación.

O Sr. alcalde manifesta que coa finalidade de achegar posturas cabe a posibilidade de facer unha modificación, xa que como non contemplaba como necesario o reforzo de persoal, que insistimos, é imprescindible, pois chegamos a unha modificación no apartado 10 "axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas" poñer unha contía de 10,000€ e os 15.000 € restantes destinalos para o apartado B. Iso foi o que se tratou.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso indica que o outro día na Comisión Informativa houbo unha proposta por parte da Alcaldía, onde efectivamente, se designaba unha contía de 30.000,00 € para o reforzo de persoal técnico e administrativo adscrito ao Departamento de Servizos Sociais, onde o apartado C, poñía 10.000€ para a axudas ás familias cos gastos co material escolar e informático, e o restante para o Servizo de Axuda a Domicilio.
O Partido Popular votou en contra da vosa proposta porque entendemos, e facémolo con sentido e total

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

respecto, pois coa que está caendo, estamos no mes de xaneiro, non sabemos en que vai dar de si todo este ano. Xa o ano pasado fixemos propostas que non se levaron a cabo por parte do PSOE, propostas no mes de abril e das que non se levaron a cabo ningunha delas. Cremos que non é prioritario o reforzo do persoal. A primeira prioridade é atender os servizos básicos dos nosos veciños e veciñas cos axudas económicas para invertir por exemplo nunha vivenda, nunha hipoteca, dun gasto médico, gastos farmacéuticos, no tema da electricidade, de alimentación... por iso digo que todo isto para min é básico e prioritario. Pode haber un momento puntual de moito apuro, pero vexo que agora mesmo isto non é o prioritario. Outra prioridade é o apartado C referente ao Servizo de Axuda a Domicilio en todas as súas modalidades que se presentan no domicilio da persoa.
A nosa proposta foi de 20,000 € para o apartado B e incrementar con 10.000 € o tema da axuda a domicilio que é prioritario, non sei por que vos empeñades no tema do persoal técnico, cando o ano pasado nos deron mil trescentas e pico horas e non se fixeron uso delas e atendeuse soamente con 50 horas, agora a principio de ano acaban de repartir outra vez horas e o noso Concello non ten horas, pero tenas Trazo, Dodro, Pino, Touro, Val do Dubra, Toques...Concellos pequenos, polo tanto, por que ese servizo se está infravalorando?. Hoxe en día é prioritario, hai que atender ás prioridades por iso mantémonos na nosa proposta de 20.000 euros para aumentar a axuda a domicilio e os 10.000 euros do apartado C.

O Sr. alcalde responde que hai unha partida económica para emerxencia social nos presupostos do Concello, polo que se podería deixar o apartado B, 10.000 euros en vez dos 20.000 euros que din e aumentar eses 10.000 ao apartado D para os servizos de axuda a domicilio.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso pregunta que partida hai para Emerxencia Social.

O Sr. alcalde contesta que estamos pendentes de aprobar os orzamentos, contamos presentalos este mes de febreiro, por iso digo que podemos deixar unha consignación para emerxencia social onde podamos poñer unha contía que cumprimentada con esta daría máis ou menos para as problemáticas que poidan xurdir.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso responde que aínda que hai que facer os presupostos, hai que aprobalos, expoñelos ao público. Polas circunstancias que estamos vivindo, temos que adaptar aos presupostos á realidade, hai que ter en conta que non se están a facer actividades que eran de grupo como por exemplo o Entroido, entendo que a partida que estaba para a xuntanza da Terceira Idade tamén pode ir para Emerxencia Social. Penso que no apartado do pos adicional, posiblemente o aproben antes para dar cobertura aos gastos extraordinarios que competen pero o que non podemos é esperar ao mes de maio ou de xuño aproben todos os POS, tanto adicional como único, polo tanto hai que ir adiantando para ir cubrindo as necesidades básicas e as urxencias que poidan vir. Polo menos ter unha cobertura, falo dende o punto de vista da eficiencia que se poida facer.

O Sr. alcade sinala que por iso dicíamos de deixar 10.000 euros para a axuda a domicilio. Dado que o ano pasado as emerxencias sociais non houbo unha cantidade significativa, desta maneira quedaría cuberto e despois coa partida que deixemos de Emerxencia Social, quedando así 10.000 euros no apartado B e incluiríamos 20.000 euros no apartado D. Pregúntalle ao Partido Popular se o ve viable.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso pregúntalle a Secretaria que cantidade se pode xustificar en cada apartado porque non liu a literatura completa da Orde.

A secretaria-interventora, dona Angela María Viqueira allo responde que os técnico da Deputación, por agora, entenden que neste POS as cantidades que se meten en cada un dos apartados non son excluíntes, é dicir, se non gastas a cantidade no apartado concreto, ese gasto pode ter lugar noutro apartado, pero eso es lo que din agora os técnicos da Deputación.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso sinala que por iso mesmo, é preferible meter agora 20.000 euros para ir tirando e incrementar así o servizo de Axuda a Domicilio, porque os técnicos da Deputación din agora unha cousa e logo á hora da xustificación podemos atoparnos con outra realidade.

O Sr. alcalde explica que vai ser máis difícil xustificar os 20.000 euros para emerxencia social, que igual non chegamos, e se non chega temos a partida de Emerxencia Social. Sen embargo da outra maneira, se non a cubrimos, cabe a posibilidade de perdela, e na Axuda a Domicilio é máis xustificable.

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso indica que con 20.000 euros non nos chega para atender as necesidades básicas dos nosos veciños. Hai que ter en conta que pode xurdir unha emerxencia, como por exemplo problemas para pagar unha hipoteca (como xa ten pasado), un arranxo dun tellado dunha vivenda porque caeu ou ardeu, e aí é onde hai que actuar rápido, independentemente dos orzamentos que teñamos. Aínda estamos en xaneiro e quedan moitos meses nos que pode pasar de todo e máis coa situación que estamos a vivir. Imaxinade a emerxencia por arder unha vivenda ou a imposibilidade de pagar unha hipoteca, pois dispoñemos deses cartos. Ese é o noso argumento e vemos que 20.000 euros xustifícanse perfectamente.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez pide expresamente que conste en acta novamente que non lle parece ético nin serio por parte da Alcaldía que diga que tivemos unha conversa informal e que logo comente o contido desa conversa informal, iso non é serio, se quere poña unha reunión formal, levantamos acta e diga o que queira, pero se convoca unha reunión informal non fale dela no Pleno. O noso grupo revisou os informes que nos enviaron os técnicos, e agradecemos que se nos facilite esa información. Pero como xa dixemos máis veces, os técnicos son técnicos, e os políticos son políticos, e estes últimos somos os que temos que tomar as decisións, o que non entendo é a teima deste equipo de goberno en esconderse sempre no que din os técnicos. O partido que se presenta as eleccións, que leva un programa electoral, exerce a xefatura no Concello e leva a organización xeral do mesmo. O que leva a organización xeral deste Concello é o que falla non falla a falta de traballadores. Eu creo que se se lle piden informes a calquera departamento do Concello, cultura, deportes, Brigada de Obras, todos dirían que teñen falta de máis persoal, estou seguro. Pero hai algo no que me gustaría incidir e que é algo que nos atinxe agora e que é o tema dos Servizos Sociais. É evidente que o tema dos Servizos Sociais ten unha problemática que é esta pandemia que non tocou vivir a todos e todas e temos que fortalecer os Servizos Sociais, pero se tan afogados están os Servizos Sociais na Baña, como di o Sr. alcalde, como é que este goberno lle esixe ao persoal de Servizos Sociais que faga tarefas que non lle corresponden. Mandóusenos tres informes: un do Traballador Social, outro da Educadora Familiar e outro da Auxiliar Administrativa. No informe da Educadora Familiar que tamén di que ve necesaria a contratación de máis persoal para o Departamento de Servizos Sociais, pero como é que agora esa persoa que vostede di que ten tanto traballo ten estea cuidando aos nenos e nenas do Colexio de Lañas, se tan afogado está o persoal de Servizos Sociais, ese coidado dos nenos e nenas do Colexio de Lañas deberíao facer outra persoa non a Educadora Familiar.
Do informe do Traballador Social, que como todos sabedes, estivo de baixa a partir do 9 de setembro, como é que aparecen visitas cando el estaba de baixa, porque se non hai Traballador Social non pode haber visitas. Como é que o alcalde cando di que os Servizos Sociais están afogados lle encarga ao T.S. traballos propios dun administrativo, é dicir, para elaborar documentación para unha licitación, eu creo que isto non o ten que facer o Traballador Social, senón persoal competente en materia de contratación. O problema que ten A Baña non é un problema de persoal, estou seguro de que aínda que contratemos a tres traballadores sociais máis, continuaría habendo problemas, o problema é dos concelleiros e concelleiras, porque cada vez que imos ao Concello, vemos que non hai quen dirixa todo isto. Estamos de acordo co que dixo o Partido Popular de fortalecer os Servizos Sociais, a axuda no fogar que a día de hoxe aínda non entendo a xestión das horas do SAF, por iso, nos estamos a favor do que dixo Andrés e decatámonos máis por esa proposta e non pola do PSOE.

O Sr. alcalde responde que os informes que fixeron os traballadores de Servizos Sociais están elaborados dende a realidade das necesidades, e esas necesidades quen as ve son os que están ao cargo do Departamento e saben as demandas e as necesidades dos nosos usuarios de servizos sociais. Nos somos conscientes e temos reunións periódicas con eles. Os traballadores son os que están ao fronte do Departamento, os que coñecen as necesidades reais dos Servizos Sociais. Os veciños veñen a falar directamente co traballador social e moitas veces coa auxiliar administrativa que atendeu eses primeiros rogos, e se había capacidade de solucionalos facíase e se non quedaban pendente porque era algo específico do traballador social. Outras veces os veciños veñen para cubrir papeis de recibos de pago de luz, para que se lles explique o contido dunha carta, moitas cousas que ás veces xa non pasan polo traballador social. En canto aos pregos de contratación non se lle mandou facer os pregos de contratación, solicitóuselle unha serie de datos, número de horas, en resumen, datos que so ten el, porque o prego está elaborando a Secretaria. Entendo que hai dúas propostas polo que procedemos á votación.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez indica que quere que conste en acta as palabras que acaba de dicir o Sr. alcalde porque un auxiliar administrativo non pode facer os traballos dun traballador social, non poden atender aos usuarios. No informe do traballador social consta que nn tempo en que estivo de baixa aos usuarios atendeunos a auxiliar administrativa, iso non se pode facer, é un caso de intrusismo. É dicir, se non hai traballador social a auxiliar administrativa

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

non pode ter acceso aos informes, non pode ter acceso a nada, entón non o volva a dicir porque se poder vostede meter nun lío, é un caso de intrusismo, non pode ser. Eu entendo que a auxiliar administrativa estivese traballando igual, do mesmo xeito, no seu despacho, facendo labores administrativas, pero non pode entrar, entón non se pode dicir que se estiveron facendo visitas a domicilio.

O Sr. alcalde aclara que eran asuntos a tratar directamente polo traballador social, moitas veces veñen a consultar un simple certificado, un recibo que non entenden, etc. Hai momentos no que está ocupado o traballador social, a auxiliar administrativa está traballando e os usuarios de servizos sociais suben arriba ás oficinas e son asesorados polos traballadores, pero, evidentemente, se son temas que teñen que ser tratados directamente polo departamento de servizos sociais, non actúa máis que o traballador social.

Finalizado o debate sobre o asunto procédese a realizar a votación sobre o mesmo:

-A primeira proposta que se levou á Comisión Informativa por importe de 30.000 € para reforzo de persoal técnico, 10.000 € no apartado C para axudas ás familias e no apartado D 96.899,27 € para ampliar o Servizo de Axuda a Domicilio en todas as súas modalidades:

Votos a favor: 4 votos do Partido Socialista
Votos en contra: 7 votos do Partido Popular e de Compromiso por Galicia
Abstencións:0

-A segunda proposta presentada polo Partido Popular de 20.000 € para o apartado B para ampliar e dotar partidas destinadas a axudas económicas para as necesidades básicas , 10.000 € para axudas ás familias que faciliten a escolarización, material informático, etc. e o resto para o apartado D para ampliar o Servizo de Axuda a Domicilio en todas as súas modalidades.

Votos a favor: 7 votos do Partido Popular e de Compromiso por Galicia
Votos en contra: 4 do Partido Socialista
Abstencións: 0

Queda aprobado cos votos a favor do Partido Popular e de Compromiso por Galicia o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios co seguinte desglose:**

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	-20.000,00	-	-
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	10.000,00	0,00	0,00
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	106.899,27	0,00	0,00
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	-	-	-
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.	-	-	-
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non conten con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	-	-	-

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	-	-	-
T O T A L	136894,27	0,00	0,00

II PARTE DE CONTROL

6.-.ASUNTOS DE URXENCIA SOMETIDOS AO ABEIRO DOS ARTIGOS 82.3 E 91.4 DO REAL DECRETO 2568/1986

O Sr. alcalde explica que o Partido Popular trae a este Pleno unha Moción para ser incluída por urxencia neste Pleno ordinario, polo que se procede a votación da urxencia para incluír neste Pleno a Moción presentada polo Partido Popular ao abeiro dos artigos 82.3 e 91.4 do Real Decreto 2568/1986:

Votos a favor: 11
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Queda aprobada, por unanimidade dos concelleiros e concelleiras, a urxencia da Moción presentada polo Partido Popular que de seguido se transcribe:

Moción do Grupo Municipal Popular en apoio da creación dun fondo de cooperación galego COVID-19

O Grupo Municipal Popular no Concello da Baña, de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta ***MOCIÓN****:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A hostalaría é un dos sectores nos que maior impacto teñen as restricións sanitarias implantadas para a contención da pandemia da COVID-19. Trátase dun sector que abraque a preto de 20.700 establecementos de Galicia, a maior parte pequenas e medianas empresas que son fonte de subsistencia de moitas familias galegas.

Esta situación require dunha resposta institucional contundente e integral por parte das distintas administracións públicas (Goberno central, Xunta de Galicia, deputacións e concellos) que contribúa a apoiar a supervivencia dos establecementos. Neste marco, a Xunta de Galicia leva meses mantendo un diálogo constante con representantes dos hostaleiros e hoteleiras. No seo desas xuntanzas acordáronse medidas como un Plan específico de axudas para o ocio nocturno, por ser o sector que se mantivo totalmente pechado por máis tempo, e, máis recentemente, un Plan Rescate a persoas traballadoras autónomas, microempresas e establecementos hostaleiros pechados por mor da pandemia. Este último plan está dotado de 86,2 millóns de euros e contén tres liñas de axuda ás que pode acceder á hostalaría, ademais unha liña exclusiva para este sector dotada con 17 millóns de euros de crédito.

Por outra banda, o Goberno galego habilitou tamén nos últimos meses liñas de préstamos directos par autónomos e pequenas empresas con máis problemas de liquidez por importe de 10 millóns de euros ou axudas para a adaptación das terrazas da hostalaría e a adquisición de elementos de envasado de comida e bebida para a entrega a domicilio ou a recollida no local (3 millóns de euros). Ademais,

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

avanzouse que as axudas continuarán mentres se prorrogue a situación.

En paralelo, algúns concellos e deputacións habilitaron medidas de apoio, normalmente non especificadas para este sector, e o Goberno central un plan de axudas ao sector Horeca que non incluíu axudas directas.

Considerando que as achegas nos vindeiros meses deberán continuarse dada a evolución da situación sanitaria, na súa xuntanza do pasado 13 de xaneiro, tanto o Goberno galgo como os respresentantes da hostalería propuxeron abrir unha tripla fronte mediante un fondo de cooperación Covid-19 que conta coa participación da Xunta de Galicia, deputacións e os concellos para salvar do peche ás empresas e autónomos da nosa comunidade, seguindo o modelo da comunidade autónoma da Valencia, onde a Generalitat aportará o 50% do dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello da Baña, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1.-O Concello da Baña en coñecemento da situación que atravesa o sector da hostalería na Comunidade autónoma, manifesta o seu apoio á demanda dos representantes deste sector de que todas as administracións públicas (Xunta de Galicia, deputacións e concellos) contribúan de xeito coordinado e con medidas de contido económico, no ámbito das súas competencias, a paliar a crise no sector, co obxectivo de acada unha resposta integral á mesma.

2.-O Concello da Baña comprométese a contribuír, xunto co resto de administracións pública de Galicia, á creación do Fondo de Cooperación galego COVID-19, ao igual que se aprobou na Comunidade Valenciana, co obxectivo de achegar á hostalería todo o apoio mobilizable desde o conxunto das administracións públicas galegas. A Xunta de Galicia aportará o 50% de dito fondo, as deputacións o 30% e os concellos o 20% restante.

3.-O Concello da Baña comprométese a estudar e, no seu caso, aplicar, as demandas que o sector ten feito ás administracións locais no ámbito das súas competencias e que algunhas teñen desbotado públicamente implementar:

3.1. A redución ou exención das taxas municipais á instalación de terrazas, á recollida de lixo e á auga, para contribuír á supervivencia do sector hostaleiro durante as retribucións máis elevadas.

3.2. A aplicación dos tipos mínimos legais no imposto sobre bens inmobles (IBI); bonificacións do imposto sobre construcións instalacións e obras (ICIO) en relación as licencias de obra que se soliciten co fin de adaptar os locais as medidas de seguridade impostas pola situación sanitaria e bonificación do imposto sobre vehículos necesarios para a actividade (IVTM) no caso do comercio e a hostalería.

4.- O Concello da Baña solicita ao Goberno do Estado que aplique unha redución do IVE turístico ao 4%, que prolongue os ERTES de xeito consensuado cos axentes sociais mentres duren os efectos da pandemia e que inclúa axudas directas ao sector da hostalaría no Plan de Rescate aprobado polo Consello de Ministros."

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso explica que se unha empresa non ten actividade non debe pagar impostos ou taxas, é de sentido común, polo que quixemos facer incidencia nisto, xa o ano pasado, polo mes de abril, o noso grupo presentou un escrito onde facíamos constancia de que se bonificara ou que se eliminara o recibo do lixo dos establecementos, e non se fixo nada, non se tomou ningunha medida. Hai que ser máis efectivos, hai que tomar as medidas pero tamén hai que levalas a cabo, e non se fixo nada neste aspecto. É o momento de axudar e colaborar nestes momentos de pandemia e deixar de facer politiqueo, porque a pandemia non entende de ideas políticas, a xente que ten negocios, cafeterías, restaurantes, non está co tema político, están nunha situación crítica, moitos negocios están pechando e xa non poderán volver abrir , polo tanto esta Moción que presentamos hoxe aquí é para tomar conciencia entre todos os grupos políticos desta dura situación.

O Sr alcalde indica que estamos na mesma liña e na situación na que estamos, todo o apoio é pouco para o comercio, para a hostalaría, os autónomos, as pequenas empresas e incluso coas grandes empresas nalgunhas ocasións, axudando con ERTES. O Concello a través do PEL REACTIVA e co apoio da Deputación puxéronse case 40.000 € para tratar de paliar e votar unha man aos nosos veciños e veciñas, á hostalaría e aos autónomos. É certo que dende o PSOE temos outro prisma, a Deputación e a Xunta

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

deberían facer unha achega do 1% dos seus presupostos e o resto dos Concellos de menos de 20.000 habitantes como é o noso. Polo tanto imos a votar a favor desta moción e intentar que todo o que sexan axudas para este sector que agora está sufrindo estas circunstancias, trataremos de colaborar.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez manifesta que lle sorprende de que fale antes o alcalde que Compromiso por Galicia. O noso grupo tamén está a favor desta Moción e máis cando estamos neste estado de pandemia . Os locais de hostalería estano pasando fatal. Compromiso por Galicia xa presentou unha serie de medidas en maio, non se tivo en conta ningunha. Eu non sei se o Grupo de Goberno non mira a tele, se non fala cos veciños, cos propietarios dos negocios da Baña, pero o certo é que pouco se fixo para apoialos. Vostede fala sempre do PEL REACTIVA, pero este axuda para o noso Concello é como cando lle das un caramelo a unha persoa que ten fame, no momento resolve pero ao pouco tempo a fame segue aí. Como non se fixo caso naquel momento que presentamos unha serie de medidas e como tampouco se fixo caso as que presentou o Partido Popular, espero que o Partido Socialista teña a dignidade de mirar pola estima dos nosos hostaleiros e dos nosos empresarios, que penso que merecen máis axuda por parte deste grupo de goberno, pola parte de Compromiso por Galicia imos a votar a favor.

Finalizado o debate sométese a Moción do Grupo Municipal Popular en apoio da creación dun fondo de cooperación galego COVID-19 a votación sendo aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

7.-ROGOS E PREGUNTAS

Respostas da Alcaldía ás preguntas formuladas polo Grupo Municipal Socialista no Pleno de data 30 de decembro de 2020:

1. O Concello da Baña adheriuse ao Convenio da FEGAMP para o tema do incumprimento das medidas Covid-19. Cremos que é unha ferramenta moi útil para todos os concellos, especialmente os pequenos, para tramitar o que proceda e, ao mesmo tempo, informar e asesorar.

Non, tras a última notificación da Xefatura territorial da Consellería de Sanidade, consideramos que non é necesario. Achegamos a notificación.

2. Este xa é un tema no que levamos insistindo pero denota inacción total por parte deste grupo de goberno. É un abandono, un desastre como están as pistas e camiños do concello. Non hai mantemento ningún, as empresas de madeira campan ás súas anchas e deixan as estradas e pistas inservibles para o tránsito. Como exemplos: A Baña, Nantón, Marcelle ou a madeira diante dos vestiarios da piscina…

O Concello está en contacto coas empresas madeireiras. Falouse con varias empresas que están a traballar no concello. Na Castiñeira está sacando madeira Arousa; en Fiopáns, Mancebo; en Lañas están traballando Viqueira e Mancebo; na zona da Chandeira, Manolo do Barro. Todas estas empresas están notificadas.
Temos constancia destes danos pero, con esta climatoloxía, aínda que as empresas traten de solucionar os problemas ao día seguinte, volven a traballar e volven a estragar todo o arranxado. Dende o Concello estaremos pendentes para que solucionen os danos nas pistas e camiños onde traballaron. É certo que non é un problema que teña fácil solución e máxime con esta climatoloxía, aínda que as mesmas empresas tratan de varrer a lama das estradas principais, ao día seguinte volven traballar e volven estragar todo de novo. Solucións, en caso de que non reparen o estragado, hai uns avais bancarios dos que tiraremos.

3. Van máis de tres meses en que tanto no Punto limpo como no pavillón de Lañas non ten auga, ademais de outros sitios nos que a xente paraba a coller auga na fonte. En pleno inverno non bota auga a fonte de Lañas en Vilar da Torre. Iso chámase desidia e pasar de todo. Por favor miren por esas cousas tan básicas.

A cuadrilla de mantemento xa solucionou os ditos problemas.

4. A maior demanda que nos traslada a xente é que se mire polo noso patrimonio, polos servizos e polos camiños con enormes deficiencias: Trece, A Costa, Fampousa, Marcelle, Cabanas… É incomprensible que corten a madeira en Paramos (Val do Dubra) e que a boten nos camiños da Baña.

Tomamos nota do rogo.

CVD: O/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

5. Cando se convoca a unha reunión hai que preparala e ir con datos. Por favor, sexamos construtivos e fagamos as cousas con responsabilidade porque ter que facela para que non digan nada novo ou fundamentado non serve de nada.

Trataremos de que non volva a acontecer.

6. Un aspecto importante a revisar é solicitar as axudas para mellorar o parque móbil. Non podedes comprar un vehículo con moitos anos e a calquera. Móvanse para adquirir una furgoneta para Servizos sociais ou para a brigada municipal dentro das diferentes ordes. A que hai non vai durar sempre.

Estamos pendente das distintas convocatorias para tratar de renovar o noso parque automobilístico.

7. Pedimos con urxencia revitalizar a Escola de música. Estase desmoronando, despois do importante e duro traballo que se fixo para que se puxera en marcha e acadase o mérito que conseguiu. A pesar das circunstancias mobilícense dende o concello para reclutar alumnado e darlle o impulso que merece. Non me cadran os datos que facilitades na resposta doutros plenos. Son datos reais? Non quero ter que cuestionalos pero pídolles unha campaña en positivo para recuperar esta actividade.

Non cabe dúbida de que non se pode deixar decaer. O caso dos nenos que este ano non acudiron á Escola de Música, como ben se comentou, foron todos casos polo tema desta pandemia, porque os pais preferiron que os seus fillos non acudisen á Escola de Música por mor dos contaxios, o mesmo pasou co resto das actividades extraescolares. Trataremos, cando todo isto comece a dar un xiro, de dinamizar a Escola, mantendo o alumnado que xa ten, e conseguindo novos.

8. Hai obras que remataron e quedaron bastante ben a pesar dalgúns fallos. Necesitan acabar eses remates co servizo da brigada na primavera-verán: Paredes, Trece, Corneira… son perfectamente asumibles economicamente falando.

Trataremos pouco a pouco de realizar eses remates que vostede menciona

9. Este é un rogo importante: Debe ser o Concello a través do alcalde ou concelleiro en quen delegue o que trate de conseguir a través do diálogo os permisos necesarios para as obras.
Vostedes saben que non é correcto o procedemento que se fixo. Dito e falado polos veciños e veciñas.

Tomamos nota do rogo, aínda que sempre que se realizan obras tratamos de acudir á zona e de falar coa veciñanza afectada.

10. Cando se incorpora a nova secretaria? Espero e desexo que sexa para un tempo largo en beneficio do concello e da veciñanza.

Como se dixo no pleno a nova secretaría incorporouse o dia 11 de xaneiro.

11. Moitos veciños me preguntaron pola construción do muro que está no cruce da casa de Señor (case enfronte ao tanatorio). Solicitamos informe técnico, pois hai moitas queixas.

Achegamos o informe.

12. Por favor falen dunha vez con AMTEGA para axilizar o tema da cobertura e da fibra óptica. Insistan. É imprescindible para o desenvolvemento en igualdade da veciñanza, e máis nos momentos actuais.

Durante este mes foron varios os contactos tanto con AMTEGA como con Telefónica, co fin de axilizar a chegada da fibra ao Concello. E seguiremos insistindo para que a fibra chegue ao concello o antes posible.

13. Sobre os proxectos europeos como o "Next Generation Europe", trasládolles que xa se pode ir traballando e que non lles pase o mesmo que cos PACES no pacto polo clima.

Tomamos nota do rogo.

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Respostas da Alcaldía ás preguntas formuladas por Compromiso por Galicia no Pleno de data 30 de decembro de 2020:

1. Respecto á pregunta do camiño de Monelos vostedes volven contestarnos que non teñen constancia de ningunha denuncia, pero que o **o gabinete xurídico está dando curso á petición feita polo Tribunal**. Queríamos saber a que gabinete xurídico se refire? Contrataron vostedes avogados para este procedemento en concreto ou xa estaban contratados polo anterior executivo? A vostede parécelle imparcialidade contratar a mesma avogada que unha das partes implicadas no conflito polo Camiño de Monelos?

Como xa se dixo no pleno, dende o cambio de goberno traballamos cun novo gabinete xurídico Losa avogados, que leva todos os asuntos que dende a Alcaldía ou Secretaría se consideran necesarios. En canto á súa pregunta sobre a imparcialidade, dicirlle que hai unha sentenza do Tribunal Supremo onde consta que este proceso (camiño de Monelos) está finalizado. Ao Concello represéntao o dito bufete, e non entramos en máis polémicas. O Concello é imparcial e só pretende cumprir a sentenza.

2. Na pregunta nº 6 sobre os colectores en Guende e Tedelle que fixemos xa no pleno de outubro, vostedes deixaron esa resposta incompleta. E agora responden: **trataremos que non volva suceder**. Parécenos perfecto pero seguimos sen saber cal é esa cantidade que deixaron incompleta xa hai máis de dous meses. Poden dicir cal é a cantidade ou temos que esperar outro mes máis? Solicitamos máis interese e seriedade ao grupo de goberno, a maioría das nosas preguntas son enviadas pola veciñanza e teñen que esperar meses
polas respostas da alcaldía.
Ascende a 150,00 euros máis IVE

3. Na pregunta 8 e sobre o diario Nós, vostede segue buscando problemas onde non os hai e negándose a cumprir os acordos aprobados pola Corporación. A subscrición chega cun ano de retraso, ademais volvemos esixir que se merquen 2 exemplares. Na súa resposta di: **"O Concello non é un lugar destinado á lectura de prensa"**. Esa proposta de poñer un exemplar na Casa do Concello foi da concelleira de Cultura Mónica González que debería ser a responsable de cultura da entidade. Volvemos solicitar que se cumpra o acordo adoptado e que se merquen dous exemplares para colaborar co único diario en lingua galega e contribuír con isto á defensa da normalización lingüística.

O tema do Nós Diario xa foi contestado por escrito. Polas circunstancias actuais, de momento, soamente se fixo unha subscrición do Nós Diario, que se vai deixar na Axencia de Lectura Municipal, non se vai facer outra subscrición ata que se poida abrir o centro dos maiores, porque incluso, no concello, non estamos poñendo a prensa ao público polo tema da covid-19, non ten lóxica poñer os xornais a disposición da xente, unha porque non se pode acumular xente no concello e dúas porque non é moi hixiénico o manexo do xornal nesta época de contaxios. No momento en que se abra o
Centro de maiores faremos unha segunda subscrición como así se acordou na moción presentada.

4. Na pregunta 4, vostedes confirman que seguen participando 3 nenos nos servizo de madrugadores. Lembramos que o Concello gasta 650 euros ao mes en só tres nenos. Para o programa de conciliación en Nadal vostedes lanzaron unha enquisa a través de internet para coñecer a opinión da veciñanza. Solicitamos de novo que se publiquen os resultados da mesma (xa solicitamos con anterioridade que se publiquen sempre). Días despois abriron a inscrición pero supeditada a que houbera un mínimo de 5 inscricións para que
se desenvolvera a actividade. As preguntas son: estase desenvolvendo a actividade? Por que se pon para esta actividade ese marxe de 5 inscricións e non para o servizo de madrugadores que **sería** o normal?

Si, a actividade estase desenvolvendo. Tal e como se contestou no pleno, Brinca Nadal é unha actividade puntual vinculada a un período de vacacións e Madrugadores é una actividade que está vencellada aos nove meses que dura o curso escolar. Neses nove meses, a situación familiar dos pais e nais e a do colexio pode variar. Pódese dar a circunstancia de que vaian este mes a Madrugadores, pero igual dentro de dous non, por iso non se pon un número mínimo de nenos, porque, evidentemente, as necesidades ao longo de nove meses poden variar e no período de Nadal as circunstancias sábense. Madrugadores é un servizo anual que vai acorde co período escolar e Brinca Nadal está vinculado ao período de vacacións onde hai familias que teñen que seguir traballando e non poden deixar os seus nenos sos. Recordo que a Madrugadores van tres nenos pero poderían ir os 180 nenos do cole, está aberto a todo o alumnado.

CVD: O/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

5. Respecto á pregunta 12 sobre os xa famosos PACES do *Pacto dos Alcaldes para o clima e a enerxía sustentable* vostede contesta**: Con todo non hai problema en repetilo cantas veces sexa necesario, para que vostede o entenda**. Nesa pregunta vostede confirma que non se pediu unha prórroga, que ese prazo xa se ampliou directamente. Feito que contradí as súas palabras dun pleno anterior. Non é así? Solicitamos que anoten a nova data (30 de xullo) para que non se lles pase e se teña que facer un pleno urxente.

A solicitude da prórroga era tan simple como acceder á plataforma e encher unha casa en que se solicitaba a prórroga, e automaticamente dan data de prórroga. Isto foi o que pasou, non existe un documento que diga "concédeselle a prórroga", simplemente na mesma plataforma modifican a data, e xa queda rexistrada.

6. Respecto á pregunta nº 13 sobre a batucada organizada polo Concello un luns pola mañá e que non asistiu ninguén, vostedes comentan entre outras cousas: **No caso concreto da batucada fora anunciada tanto na radio como por correo, remitíuselle a cada fogar un programa das actuacións do mes de novembro onde aparecía a dita actuación.** Non sei se se anunciou na radio, supoño que vostedes se refiren a unha entrevista ou algo así (non creo que fora nunha cuña publicitaria) é así?. O que si sei é que vostedes non o anunciaron con antelación na web, no Facebook anunciárono cando xa levaba media actuación e ese programa das casas que menciona, ás caixas de correo dos domicilios (polo menos a S. Vicente que era o lugar de actuación) o día seguinte. Polo que pedimos que se asuma a realidade e que posteriormente se anuncien debidamente e con antelación as actividades.

As actividades culturais anúncianse con antelación nas redes sociais. Certo é que dende o comezo da pandemia e ante a continua modificación das medidas, por parte das autoridades sanitarias, recortouse o tempo de promoción das actuacións nun intento de non xerar confusión entre a veciñanza pois foron moitas as ocasións nas que desde marzo de 2020 houbo que aprazar eventos xa programados. No caso concreto da actuación á que vostedes fan mención si se anunciara na radio pola Concelleira de
Cultura que foi convidada por Radio Negreira para comentar a axenda cultural do Novembro pola Igualdade. Asemade mandouse un programa a cada domicilio. Tamén se procura colgar vídeos e fotografías dos espectáculos no momento no que están a ter lugar ou pouco tempo despois.

7. A pregunta nº 15 sobre a empresa Artecoin, (lembran que no anterior pleno dixeron que a decisión de contratar esa empresa de Albacete, sen solicitar ningunha oferta máis foi do señor alcalde). Na resposta din que houbo unha rescisión de contrato de mutuo acordo. Din mutuo acordo pero o Concello debe indemnizar con 750 euros a esta empresa. O Concello perde 750 euros e un ano de evolución do proxecto por unha mala decisión do señor alcalde. É así non?

O Concello para avanzar nesta obra e ante a imposibilidade da empresa de desprazarse á Baña polo tema da covid-19, chegou a un acordo con esta, trátase dunha rescisión mutua do contrato polo que se lle pagan 750 euros polos traballos prestados ata a data, e así pódese contratar unha empresa distinta que poida desprazarse para continuar coa obra.

8. Respecto á pregunta número 18 sobre o Servizo de Axuda no Fogar vostede contesta: " **En canto ao SAF conseguiuse que non haxa ninguén en agarda".** Algo que é tamén totalmente falso segundo o traballador social. Quen lle facilitou ese dato que asegura con rotundidade na súa resposta?

Nesta resposta como xa se explicou no pleno, hai un erro, xa que hai seis persoas en agarda, o que se quería poñer era que se reducira a lista de agarda.

9. **-** Sobre o Informe vídeo-acta da empresa Evelb , parécenos ben que se nos explique despois dun mes o problema que existiu (polo que non se puido gravar a intervención do meu compañeiro David Gontán)pero ese informe habería que facelo público (ou explicar simplemente o que pasou) no mesmo momento que se publica o vídeo e a crónica, para que a veciñanza estivera informada. No propio vídeo, tamén, deberían poñer que falta un fragmento do pleno para que a xente estea informada de que falta unha intervención
(neste caso dun concelleiro de CxG). Con respecto a isto, dicir que os plenos estanse realizando de forma semipresencial nun acto de responsabilidade da Corporación, para evitar acumulación de xente nun espazo

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

pechado e evitar contaxios. Os concelleiros de CxG asistimos aos plenos de forma telemática tamén nun acto de responsabilidade. Que vostedes publiquen na crónica do anterior pleno unha foto do salón de plenos con só concelleiros do PSOE e PP é un agravio á nosa agrupación política. E ademais (non sei se é o seu obxectivo) pode confundir á xente, porque mirando a foto (que é o primeiro que se ve tanto na web como no Facebook) parece que os concelleiros de CxG non asistimos. Solicitamos que, por respecto a todos os grupos da Corporación, se tome isto con máis seriedade e non se volva a facer dese xeito. Pódese facer un pantallazo da videoconferencia ou unha foto á pantalla ou non facer nada e poñer unha imaxe de arquivo.

Tomamos nota.

10. Enterámosnos pola prensa que o alcalde fixo unhas reclamacións polo servizo de transporte e polo persoal do centro de saúde. Desde a oposición non sabemos nada máis que calquera veciño ou veciña. Vostede non cre que sería máis eficaz explicar o problema á Corporación e enviar unha queixa coa sinatura dos tres grupos para que esas reclamacións tiveran máis peso?

É a súa consideración Sr. Ramos, dende logo que para nós, consideramos que debe de ser o alcalde o que solicite esta reunión. Hai unha reunión programada para o día 18, para intentar mellorar o servizo de transporte público que ten o Concello da Baña.

11. Solicitamos por sede electrónica un informe sobre as actividades desenvolvidas actualmente no Concello da Baña, tanto para infancia como adultos/as e maiores, xunto coa participación acompañada dun recibo bancario do pago de taxas e aínda non se nos achegou. Solicitamos que se nos entregue con celeridade.

Xa foi entregado.

12. Non se nos entregou tampouco a documentación de UNICEF sobre "Cidades Amigas da Infancia" que se nos dixo no anterior pleno que se nos ía entregar.

Remitiuse un informe por parte do traballador social e un informe complementario da directora do CPI que tamén participa do proxecto.

13. Por fin o 9 decembro e despois de solicitalo no último pleno urxente, no pleno ordinario de novembro e solicitalo despois por escrito, o señor alcalde dinos a cantidade adebedada á empresa ATENDO CALIDADE. Por fin sabemos que a cantidade ascende a 117.000 euros. Solicitamos que este tipo de información debe facerse pública antes para que a veciñanza estea informada e por suposto informar aos grupos antes da propia votación. O señor alcalde incluso nunha entrevista da radio dixo outra cantidade distinta a que realmente é polo que se está mal informando á cidadanía. Solicitamos máis rigor e seriedade nestes asuntos de importancia.

Dado que a empresa seguiu prestando o servizo, a cantidade que se debía tamén foi aumentando, de aí que esta variase.

14. Respecto ao Parque Eólico de Troitomil mandáronnos por correo a mesma información despois de publicala na web. Que finalidade ten informar á Corporación despois de informar a toda a cidadanía a través da web? Non sería mellor informar con máis antelación aos concelleiro e concelleiras? Respecto a este parque eólico pensan facer algo? Desde a oposición vostede incitaba aos veciños e veciñas para que crearan "una pequena plataforma" para ir ao Concello reclamar. Segue pensando o mesmo?

Como xa se contestou no pleno, a información mandóuselles por correo electrónico aos portavoces antes de ser colgada, pero o seu non entrou por exceso de cota. Lémbrolle que o chamei persoalmente para informalo. Temos solicitado unha reunión co conselleiro, Francisco Conde López, para tratar o tema dos parques eólicos, porque, evidentemente, estamos preocupados con estes tres novos parque eólicos que se van instalar no concello. É certo que nós sempre defendemos que estes proxectos deberían de ser supramunicipais porque están todos conectados entre si, aínda que se presentan de maneira individual. Estamos pendentes de que se nos conceda esa reunión para tratar este tema e intentar defender os intereses dos veciños e veciñas do Concello da Baña.

15. Solicitamos hai uns días permiso para consultar o informe de fichaxe dos traballadores/as do Concello e o señor alcalde remítenos por sede electrónica a contestación asinada non polo alcalde (ao loro) senón

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

polo "Juzgado de lo Social nº1 de León". A que se debe? Solicitamos máis interese e que non volvan suceder este tipo de problemas. Hai algún litixio nese xulgado?

Non temos ningún litixio no dito xulgado, entendemos que tivo que ser algún corta e pega que se filtrou no texto.

16. - Nos decretos observamos que o Concello da Baña mercou un coche usado a un veciño por 1600 euros. Pode explicar esa adquisición? Non se fixo ningún procedemento a maiores verdade? vostede viulle a un veciño seu unha furgoneta que lle gustaba e comproulla, non é?

Deuse a circunstancia de que o Concello tiña operativa a brigada do PEL e a brigada do lume, e unha das nosas furgonetas avariouse sen posibilidade de arranxo. Atopámonos cunha situación, que pola carga de persoal, necesitábamos un vehículo de maneira urxente para desprazarse e realizar as tarefas diarias, e xurdiu a oportunidade de mercar esta furgoneta que está en boas condicións, a un prezo moi económico, e mercouse.

17. O pasado mes de outubro aprobouse unha moción defendida por CxG sobre a **NEUTRALIDADE, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN NAS COMUNICACIÓNS MUNICIPAIS** o señor alcalde a través de medios de comunicación comentou que os acordos incluídos nesa moción xa estaban cumprindo na súa maioría pero despois en resposta a preguntas do noso grupo afirmou que non se ían a cumprir (a pesar de que o PSOE levaba 24 anos criticando este tipo de condutas). Non se ían enviar as notas de prensa aos grupos políticos nin se ían incluír na web municipal as ligazóns ás webs dos grupos políticos. O acordo nº 2 aprobado nesa moción di: Publicar a final de ano un informe do gasto desglosado en materia de publicidade, prensa e comunicación que inclúa os motivos e finalidades polos que se decide realizar devanditos gastos. Vaise cumprir ou vai continuar actuando de forma antidemocrática e autoritaria? Cremos importante que se publique
ese informe para que a veciñanza coñeza o importe público que este grupo de goberno gasta en empresas de comunicación, xornais, cuñas publicitarias, etc.

A pregunta xa foi contestada por escrito.

18. Respecto a isto tamén incumpre o punto 7: Converter a revista municipal nun espazo no que se aprecie a pluralidade desta Corporación de modo que no seu limiar se lle ofreza a cada grupo político con representación un espazo, coas mesmas dimensións, para realizar unha presentación ou saúda á veciñanza. Outro exemplo do seu carácter antidemocrático. A que se debe este incumprimento?

Na revista, os portavoces tiñan solicitado un espazo e concedéuselles para facer un saúda.

19. Respecto á revista municipal o noso grupo político participou en varias das novas publicadas, solicitamos que se nos dera unha copia antes da súa publicación e non se fixo, xa trasladei a miña queixa a Mónica González e admitín a explicación e a desculpas que se nos pediron, pero si me gustaría pedir publicamente que se nun futuro se nos pide colaboración para algo e nós realizamos o prometido pedimos que polo menos se nos dea unha copia antes da súa publicación. Respecto á revista, despois de pedilo nun pleno e
solicitalo nas diferentes comisións de seguimento da COVID, vostedes volven publicar unha fotografía na que aparece xente incumprindo a normativa (coa máscara no fronte ou na man, cando está totalmente prohibido e non dá unha mensaxe acertada). Volvemos solicitar máis responsabilidade e seriedade neste tipo de publicacións.

Tomamos nota.

20. Hai meses que solicitamos que nos enviaran o escrito enviado á Xunta e ao Estado referente á moción aprobada sobre a rebaixa do IVE e aínda non nos mandaron nada. Enviaron ese acordo aos organismos pertinentes tal como se aprobou na moción.

Si, remitimos a documentación.

21. Onte dia 29 fomos convocados a unha reunión de servizos sociais para falar do tema de xantar na casa e comedor sobre rodas, solicitamos información cando de nos convoque a reunión, creo que debería haber un informe económico e outro técnico , tal e como fixeramos na anterior reunión do pasado febreiro. Solicitamos estes informes e máis rigor e seriedade do tratamento dos servizos sociais municipais.

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbkvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Tomamos nota.

22. Camiño de Reiboo mandamos ubicación e fotos, non se pode pasar. Solicitamos limpeza.

Notificase a brigada para que o inclúa no plan de traballo.

23. Sobre o pel reactiva solo 25 empresas se acolleron a esta axuda. Xa dixemos que era insuficiente e que non era a mellor para empresas e autónomos do noso concello. Vaise sacar algunha axuda dende o concello tal como propoñía C x G xa no mes de maio?

Como se dixo no pleno, a liña de axudas do PEL Reactiva estaba aberta a todas as empresas e autónomos, con tres bloques que abarcan todas as posibilidades. Grupo I: As que se visen afectadas polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.
Grupo II: As que non se visen afectadas polo cerre, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal do 2020 se reducise, polo menos, un 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixidos para acreditala redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade. Grupo III: As que se visen no deber de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo. De todas as empresas que se presentaron, quedaron dúas fóra por falta de consignación e como se dixo no pleno, imos tratar de incrementar a nosa achega para intentar que non quede ningunha fóra.

ROGOS E PREGUNTAS AO PLENO ORDINARIO DO CONCELLO DA BAÑA (27/ 01/ 2021)

José Andrés García Cardeso, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular da Baña, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Esta xa é unha pregunta na que incidimos en todos os plenos pero na que non nos cansamos de formular porque canto máis preguntamos, menos caso e máis dano. Este equipo de goberno denota abandono e inacción total. Parece que lles dá todo igual. Está ben que lles notifiquedes ás empresas madeireiras pero que máis…Fan algo? Nada. Pois propoñemos que, tanto Viqueira, Madeiras Castro, Madeiras Xunqueira e outras, que están a sacar madeira en Marcelle, paguen integramente o custe do arranxo do camiño cara o Braxal e Brimieira, pois está a quedar inservible. Invito ao alcalde e concelleiro de obras a que vaian a velo, así como o camiño que fixeron no plan Marco, que xa está estragado. Marcelle, Cabanas (Alto Trincheira).

O alcalde responde que a terceira empresa é a que coñecemos como Zapateiro do Barro. Xa me puxen en contacto con todas as empresas, somos coñecedores no estado en que están eses camiños. Evidentemente temos un listado de xente que está traballando, do estado dos camiños. Estamos facendo unha reportaxe fotográfica, estas empresas teñen teñen uns avais bancarios depositados, estamos en vía de solucionar o tema. Tamén é certo que todas as empresas argumentan o mesmo, que despois de facer os traballos van a deixar os camiños arranxados e teremos que facer vixilancia e se non cumpren teremos que facer as actuacións correspondentes, tirar de aval bancario e a partir de aí ver se toman conciencia.

O concelleiro do grupo municipal do Partido Popular don Francisco Pérez Redondo pregunta si na Baña, arriba da piscina municipal foron a achandar, non sería a pá do Concello?

O Sr. alcalde, contesta que non foi a pá do Concello, alí foi o que coñecemos como o Zapateiro, votou grava subindo cara a piscina municipal. Queda outro tramo subindo cara Nantón onde está o Polígono, tamén foi Viqueira quen actuou alí, tamén foi notificado e está pendente de arranxar. A pá do Concello limpou o que é a baixada da Piscina.

CVD: O/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

2.- Falei no anterior pleno de mellorar o parque móbil. Se non miramos por ir incorporando nova flota o que estamos é desangrándonos en arranxos. A furgoneta para o traslado das persoas da Fundación de discapacitados Val de Barcala (con 500.000km) son aprox. 3000€ de reparación, o camión case 6000€… Actúen en consecuencia porque están a facer as cousas mal. Xa houbo máis convocatoria sen non se molestan en solicitar nada.

O Sr. alcalde isto considerase un rogo porque estamos pendentes das distintas convocatorias para solicitar, na medida do posible, algún vehículo para substituír os que temos.

3.- Segundo os decretos, houbo inspección de vertidos. Cando nós gobernábamos sempre que se facían inspeccións tratábamos de resolver os problemas puntuais. Se fan requirimento e non se atende pasa a unha proposta de sanción. Arréglase pagando o 10% (500€). Xa é a segunda vez. Hai que tomar medidas, mentalizar á veciñanza e non estar pagando multas continuamente.

O Sr. alcalde, contesta que esta era unha subvención de 5.000 €, foise alí, mirouse onde se nos marcaban os residuos coas cordeadas e non coincidía con ningún tipo de residuo. Chamouse a Seprona, fixo as medicións e non atoparon esa mesma ubicación. Persoalmente falei cos de Augas de Galicia porque agora mesmo non se pode acudir alí. Ao final enviaron un técnico que foi ao lugar en cuestión acompañado por persoal do Concello para atopar dito vertido. Efectivamente non coincidían as cordeadas e non se puido localizar. Unha vez identificado o vertido, que non tiña nada que ver co que nos marcaban desde Augas Galicia , por iso non se puido solucionar. Ao final identificouse a problemática, tratouse de solucionar pero foi inevitable que nos sacaran o 10%. Si que nos recoñeceron que os 5.000 euros non tiñamos que pagalos posto que fixeramos caso da solicitude aínda que as coordenadas non coincidían co sitio real. De todos xeitos estas problemáticas de residuos, que veñen de veciños que verten residuos porque non hai saneamento nas parroquias do noso Concello, é un problema que se produce en moitas aldeas. Penso que é falta de saneamento, destes 24 anos sen saneamento nas parroquias onde os nosos veciños poida botar os residuos e vaian a correspondente depuradora, polo tanto, trataremos de ir solucionando e evitar que vai a maiores, pero non é de fácil solución ao non ter ningún tipo de saneamento. Hai moitos veciños que despois de falar con eles acceden a facer as súas depuradoras, as súas fosas sépticas , pero é tarefa complicada porque lévanse moitos anos cunha dinámica que non é xustificable nin a correcta. A xente é verdade de que ter que ser consciente de que non se poden botar os residuos de calquera maneira se non que teñen que ir a unha fosa séptica ou a unha depuradora.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso a sorpresa é que se equivocan nas referencias os de Augas de Galicia e temos que pagar igualmente a sanción. Si se atendera o requirimento, facíase unha alegación dicindo que o sitio non se corresponde coas cordenadas que eles envían, porque hai que dicir que Augas Galicia xa sabemos como é, é un organismo público, de pelexas, de estar enriba, o problema e que tardamos tempo en pagar a sanción porque o punto que eles dán non é o correcto, non podemos ser burros e apaleados.

O Sr. alcalde sinala que a sanción era de 5.000 €. O problema é que non coincidían as coordenadas que dicían os de Augas Galicia e de feito tivemos que demostrarlle que non era alí. Si que solucionamos o outro punto onde había esa problemática. Pasareille toda a documentación do expediente.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso manifesta que no tempo que estivemos nos, fixéronse inspeccións tódolos meses, ian os da Brigada para saber onde eran os vertidos, para coñecer o sitio, por se había que facer algún tipo de medida, poder actuar e deste xeito non chegaban ao Concello as sancións, pero agora se collen a carretilla de meter sancións porque se equivocan nas ubicacións imos apañados.

O Sr. alcalde manifesta que dúas das sancións que levamos pagadas viñan da anterior Corporación. Pagámolas nós pero eran da anterior lexislatura.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso pregunta si esta sanción tamén era da anterior lexislatura.

O Sr. alcalde responde que o mirara e pasaráselle a documentación correspondente.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso manifesta que dende que se empeza un expediente ata que se acaba pasa moito tempo, se non atendemos os requirimentos , claro que ven a sanción. Por que non atendes aos requirimentos?

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

O Sr. alcalde reitera que se atendeu o requirimento e pasareille a documentación.

4.- Revisemos e eliminemos os residuos procedentes de vertidos incontrolados, especialmente os que están a carón da estrada. En Pedra Mámoa, na Bafadoira, en Vigobó… Cremos que non sexa xente do noso concello pero dá moi mal aspecto.

O Sr. alcalde agradece o rogo e pide que cando vexa algo así no espere ao Pleno para dar o aviso, debería dirixirse ao Concello e notificalo.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso indica que o colchón vino hoxe en Pedra Mámoa, pero tamén vin lixo na Bafadoira, en Vigobó tamén hai un vertido de cascallos de obras, na curva de Mirón tamén tiran de todo, e case que estou seguro de que non é xente do Concello da Baña. Todos estes residuos dan moi mala imaxe.

O Sr. alcalde agradezo que o o comunique e dende o Concello dirémoslle á Brigada que pase a recoller eses vertidos, pero é importante que cando vemos este tipo de cousas comunicalo canto antes ao Concello para evitar que a xente pense que estes lugares son escombreiras e segan a tirar lixo neles.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso sinala que en varias ocasións cando vexo algún electrodoméstico tirado teño chamada á Brigada para que se acercase a recollelos.

5.- Recentemente houbo un reparto de horas do SAF e, á Baña non lle deron horas. Algo se está facendo mal en Servizos Sociais. Se dan horas extraordinarias e non as gastamos, en consecuencia, non darán máis horas no reparto. Miren os concellos de Trazo, Toques, Val do Dubra, O Pino, Dodro, Touro etc… Cando nos dan horas do SAF son para beneficiar á veciñanza, pois logo temos lista de espera.

O Sr. alcalde responde que houbo unha revisión no mes de decembro nos Concellos polo tema das horas, e naqueles concellos que tiñan un maior número de espera, que non é o caso da Baña, que soamente tiñamos seis usuarios en lista de espera. Agora a principios de ano concedéronlle unha serie de horas a maiores, como é o caso de Val do Dubra que lle deron 108 horas, que como xa dicían en Dubra, non sacan de moito apuro, pero todas as axudas suman. En Santa Comba pasa o mesmo, déronlle 108 horas, logo hai Concellos como o noso ou o Negreira, entre outros, onde a lista de espera en decembro era moi reducida polo que non consideraban que non eran necesarias máis horas. O noso Concello, ante a posibilidade de que aumente a lista de espera , e non sexamos capaces de reducila , solicitará máis horas. Non é que falle algo, creo que é ao revés , como non se falla non asignan un número maior de horas. Recórdolle que no mes de xullo de 2019, había 18 persoas en lista de espera e no mes de decembro había seis persoas en lista de espera, entón creo que non está funcionando tan mal cando a lista de espera se está reducindo considerablemente e se lle está dando servizo a case o 70% dos veciños e veciñas da Baña.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso manifestan que cando nos dan un servizo e unhas horas debemos aproveitalas ao máximo. Cando nos estábamos gobernando déronnos dúas remesas. A lista de espera coa que está caendo non se pode incrementar cada dous por tres, e ás veces aínda nos son reais as listas de espera que temos. Por iso non debemos desaproveitar estas ocasións porque redunda nos beneficios dos nosos veciños. Oxalá que a lista de espera non existira aquí nin no médico nin nos quirófanos, pero, por desgracia, haina, polo que temos que ser prudentes e temos que aproveitar as ocasións que se nos presentan, e sigo dicindo que aquí algo falla.

O Sr. alcalde ratifica a súa resposta sen ánimo en entrar en máis debate porque penso que máis ou menos está clarificado. Houbo unha revisión no mes de decembro, os concellos que tiñan unha maior lista de espera concedéronselles, a primeiros de ano, un número de horas, unha pequena cantidade ou proporción, e os concellos cunha lista de espera máis reducida como é o noso Concello con seis usuarios, a día de hoxe aínda non nos concederon horas. Se fai un ano e oito meses había 18 persoas e no mes de decembro había seis, penso que a cousa non está funcionando tan mal, conseguiuse reducir esa lista de espera.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso manifesta que oxalá se reducira a cero a lista de espera porque non debería de existir a lista de espera, temos que poñer todos os medios para evitala. Deron 1.350 horas extraordinarias, e cantas aproveitamos?, temos que aproveitar todo o que dan e se podemos pedir máis temos que pedilo.

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

6.- Hai algunha iniciativa presentada polo noso concello para os fondos de reactivación? Xa sabemos que a resposta é non. Presentemos o máis axiña posible para adiantarnos, pois moitos concellos fixérono tanto en eficiencia enerxética, dixitalización, proxectos medioambientales… Eses fondos europeos son importantes para revitalizar a nosa economía e o seu goberno está de brazos cruzados. De novo, inacción.

O Sr. alcalde responde que se está traballando na realización duns anteproxectos, sobre todo, en temas medioambientais, tendo en conta a falta de saneamento nas nosas parroquias. Os técnicos están preparando as valoracións e cando teñamos algo máis definido compartirémolo.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso xa se dixo que estabamos co tema dos PACE e eu non vin nada que presentárades nada sobre isto. Haber cando se presentan. Eu non digo de traelo a Pleno pero hai que informar, se é que o presentaches.

7.- Púxose alguén do equipo de goberno en contacto coa empresa de visóns de Troitosende para preocuparse polas noticias que saíron estes días sobre o COVID-19? Por parte so noso grupo si que falamos coa responsable e contounos o que aconteceu e con que problema se atopan ao ter que sacrificar os visóns. É unha empresa da Baña, deben de interesarse por ela, igual que por moitas outras que o están a pasar tan mal, economicamente falando, pola pandemia.

O Sr. alcalde explica que estivo en contacto coa Consellería de Medio Rural que foi quen me comentou a situación, de que se ía proceder ao sacrificio dos visóns da Granxa de Menlle e que se ía igualmente proceder á indemnización. Xa se estivo levando a cabo un seguimento pasivo a todos aqueles animais que falecían, teoricamente, por causas naturais, no día a día. Tras dúas baixas que se produciron na empresa e tras facer as correspondentes analíticas que amosaron certa carga viral, decidiron tomar cartas no asunto, tratar de desinfectar, sacrificar aos animais e indemnizar a granxa correspondente.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso comentas que informou Medio Rural, pero eu falei persoalmente coa a empresa e tamén me comentaron como foi o problema, esta problemática xa ven dende decembro, o que eu che pregunto e si ti estiveches en contacto coa empresa. Penso que dende o Concello, e tamén me inclúo, debemos estar ao lado dos que teñen unha explotación, dá igual do que sea, e axudar ante este tipo de problemáticas porque esta é a segunda empresa de visóns de España que lle pasa esta circunstancia.

8.- Sobre a obra de abastecemento da auga, falábase o outro día da necesidade dun caseto para o bombeo de 3x3m. Parécenme algo esaxeradas estas medidas. Que se mire ben porque cando tiraran o anterior xa o querían facer moito máis grande e logo non facía falta.

O Sr. alcalde indica que se colocaron tres bombas, unha dará funcionamento continuo, outra que axudará en caso de que sexa necesario e outra de reposto por se fallara unha das outras dúas. O de 3 x 3 era o que Espina & Delfín consideraba que sería máis cómodo para os operarios. Si é verdade que se vai a modificar, non se vai a facer de 3 x 3 porque consideramos que é algo exaxerado, vaise adecuar á necesidade das bombas pero non con esas dimensións.

9.- Como está e como vai a quedar o servizo de transporte público despois da reunión o pasado día 18? É importante, unha vez que se melloraron os autobuses que se melloren as frecuencias.

O Sr. alcalde explica que se fixo unha solicitude o pasado día 18, comenteille a problemática dos horarios e concretamos problemas como é a liña de Muxía/Santiago posto que a empresa Mombús nos seus horarios non recoñecen a parada de Ordoeste – San Cibrán. Quedaron en incluír estas paradas nos seus itinerarios. Hay unha liña que é a das cinco da tarde e a das nove da mañá que a consideran unha liña rápida e que ten parada na Pereira pero que non ten parada en ningunha das parroquias do noso Concello e que tamén se solicitou. Entendemos que é un servizo rápido e que non vai a parar en todas as parroquias da Baña pero polo menos si que debería ter unha parada intermedia, por exemplo en Ordoeste ou en Corneira para deste xeito facilitarlle aos veciños da Baña coller ese transporte.

En canto a liña que ven de Santiago e pasa por San Vicente, solicitouse un horario entre as dúas e as

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

catro que facilitase o regreso dos universitarios e das persoas que vaian a consultas médicas, porque tamén temos o problema de que non hai liña a Negreira e polo tanto tampouco a A Baña. Dende Transporte están anunciando que ás 9:30 horas da mañá pasaría por San Vicente un autobús cara Santiago, non se estaba cumprindo, tamén se lle solicitou que tomaran as medidas oportunas con Mombús xa que non estaba facendo e por outro lado que se adaptaran os horarios ás necesidades reais porque polo Plan de Transporte a saída a primeira hora era de Santa Comba ás sete da mañá e que pasa pola Baña ás sete e cuarto ou sete e vinte e realmente están saíndo ás sete menos cuarto, polo que os horarios que nos deron dende o Plan de Transportes non coinciden co que está a realizar Mombús.

Tamén nos queixamos da problemática que está sufrindo o Colexio, a nova concesionaria reduciu o número de liñas, isto provoca que algunha das liñas chegara con vinte ou trinta minutos de retraso ao Colexio, están subcontratando a taxis para reducir liñas e comprometéronse a buscar unha solución.

A semana pasada falei coa Directora do CPI A Baña e xa me informou de que aínda que todas as problemáticas non están solucionadas, o tema da puntualidade xa está arranxado, si é certo que se están utilizando uns taxis para non facer unhas liñas en autobús. Entendemos que se cumpren os requisitos e se a Consellería de Educación lles permite utilizalos taxis, están no seu dereito.

10.- Queremos preguntar pola factura de Telefónica de 7.851,85 € de cambio de cableado na Casa Consistorial e a que se debe tantos metros de tubos de saneamento no concello cando non vemos poñer ningún? Solicitamos un informe disto para ver a onde se destinan.

O Sr. alcalde explica que se trata dunha reforma que se está facendo dentro do Concello, estase a cambiar o cableado de telecomunicacións, porque as liñas telefónicas subministraban ao mesmo tempo o internet, e agora están diferenciando, por un lado, o cableado ADSL e por outro lado as liñas telefónicas, porque chegou un momento que estaba todo tan saturado, que si funcionaba o teléfono non tiñamos internet, polo que solicitamos presuposto a varias empresas e ao final foi Telefónica que nos fixo este servizo en mellores condicións e en prestación económica. A actuación está a punto de finalizar, levase todo, practicamente, polo aire, a través de canaletas para non andar facendo moitas obras, o que se trata é de mellorar a saturación das liñas e facilitar a maneira de traballar, porque hai veces, incluso, que é imposible enviar un correo electrónico.

En canto ao tema dos tubos de saneamento dicir que na obra de Trece do POS do ano pasado, a maioría do tubo foi subministrado polo Concello e na que se acaba de facer agora en Trece non estaba contemplado e foi subministrado polo Concello.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso solicita un informe no que se expliquen a onde van eses metros de tubo de saneamento.

11.- Con data do 19/01/2021 sae a resolución definitiva da concesión de subvencións do PEL Reactiva. Fixéronse efectivas estas axudas ou aínda están por realizarse?. Desde o 18/11/2020, cando saíron as liñas de axudas para hostalería, autónomos e microempresas, antes de final de ano xa estaban na conta do solicitante. Na Baña recibiron axuda todos os que a pediron.

O Sr. alcalde responde que Non, as axudas aínda non están realizadas. Poñerémonos en contacto con estas empresas para proceder a facer os pagos, e, como xa faláramos, hai unha data tope para facelos, dende o Concello xa fixemos a consulta á Deputación por esas dúas empresas que quedaron fora desta axuda, por falta de crédito. Fíxose a consulta, como se dixo no Pleno anterior, para facer unha aportación maior por parte do Concello para que non quedasen esas dúas empresas excluídas. O que nos comentaron dende a Deputación é que, por un lado, si podemos facer unha aportación maior pero recoméndannos que esperemos porque, probablemente, a mesma Deputación faga un cambio nas Bases porque os cartos que se destinan aquí e que non se van a poder xustificar, vai haber unha especie de reembolso e deste xeito habería suficientemente para esas empresas que quedaron fora. Eu falei coas dúas empresas, comenteilles a situación, eles están encantados de que cubra, tamén me comentaron que se o prazo se alarga isto nos sería un gran inconveniente, posto que todas as axudas son boas e que non soamente están pendentes destas axudas en concreto.
Si solucionan esta problemática, temos que esperar, por unha modificación da Deputación, por estas empresas non habería ningún inconveniente de esperar un ou dous meses, ata que haxa unha resolución

CVD: O/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

definitiva.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Andrés García Cardeso indica que ás veces as ordes son trámites burocráticos, longos e tediosos. Temos que axilizar, arrimar o ombro e apoiar a este sector aínda que sexa con estas pequenas axudas. Entre todas as Administracións temos que poñernos de acordo e axudar aos que o están pasando realmente mal, non soamente doa saúde senón tamén coa economía.

César Ramos Domínguez, representante local de Compromiso por Galicia no Concello da Baña, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- En tres respostas se nos contesta cunha expresión coloquial "tomamos nota". "Tomar nota" significa "apuntar por escrito algo que debe ser recordado". "Nota" evidentemente teñen que tomar de todo para, entre outras cousa, facer as actas e asinalas. A que se refiren concretamente?
- Non van volver a publicar fotos da Corporación sen a representación dos tres grupos?
- Non van volver a actuar irresponsablemente coa revista municipal e van cumprir o acordado?
- Cando nos convoquen a unha reunión van informar debidamente dos asuntos a tratar por medio de informes pertinentes?

O Sr. alcalde reitera que Nos tomamos nota dos rogos.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez indica que tomar nota é como dicir "paso palabra"

O Sr. alcalde contesta que ao mellor as respostas non son as que ti queres oír pero son as que che damos.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez indica que tamén toma nota do que di o Sr. alcalde.

2.-Xa o dixemos en varios plenos pero continúan vostedes mandando no encabezado dos informes o correo electrónico e a web antigos ".es". Por favor corríxano.

3.- Na pregunta 18 sobre o incumprimento do acordo aprobado por moción Converter a revista municipal nun espazo no que se aprecie a pluralidade desta Corporación de modo que no seu limiar se lle ofreza a cada grupo político con representación un espazo, coas mesmas dimensións, para realizar unha presentación ou saúda á veciñanza. Incumprimento evidente porque no limiar só está a saúda do señor alcalde e esta é de maior dimensións que as saúdas dos portavoces da oposición. Vostedes contestan: Na revista, os portavoces tiñan solicitado un espazo e concedéuselles para facer un saúda. Algo que é falso, vostede non di a verdade nesa resposta. CxG non solicitou nada, CxG defendeu no pleno unha moción que incluía ese acordo polo que non é unha solicitude senón un acordo plenario que vostede incumpre mostrando o seu carácter antidemocrático. Solicitamos de novo que se respecte a democracia desta Corporación.

ROGOS E PREGUNTAS:

1.- Coméntannos veciños da zona de Liñares que o camiño forestal que vai cara a granxa dos visóns que se atopa nesa zona está intransitable. Solicitamos o arranxo dese vial e que se tomen as medidas oportunas para evitar que volva estar nesas condicións.

O Sr alcalde contesta que Recibimos a solicitude do rogo e trataremos de darlle unha solución.

2.- Entregamos hai uns días unha solicitude sobre unha problemática que causa crispación veciñal no lugar de Ferreiros (parroquia da Riba) e recibimos hai uns días a contestación. Solicitamos que lle busque unha solución a devandito problema con celeridade.

O Sr alcalde contesta que xa lle contestará por escrito e trataremos de buscarlle unha solución ao tema.

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

3.- Coméntannos veciños e veciñas que por primeira vez en moitos anos as unidades móbiles da ITV para maquinaria agrícola non van visitar o noso Concello e a veciñanza terá que trasladar toda esta maquinaria a outros Concellos. No calendario do 2021 non aparece A Baña. A que se debe isto? Puxéronse en contacto coa empresa para tratar de buscar unha solución? Demandamos que se trate de buscar unha solución a este problema e que se informe debidamente á veciñanza.

O Sr alcalde explica que xa pasou o ano pasado e ata que teñan unha data estable non o publican. O ano pasado, ata practicamente, quince días antes, non nos facilitaron datas e non o publicaron. E este ano paso o mesmo, están confeccionando un calendario, hai sitios onde si teñen planificado os días e hai outros Concellos como o noso, que teñen que esperar a que casen todos os horarios para darnos as nosas datas e os nosos horarios. Trataremos de que o publiquen o antes posible, é un problema interno deles de casar datos, seguramente pase como o ano pasado e ata quince días antes non o facilitaron. Pero iso non quere dicir que este ano non o vai haber.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez pregunta se o alcalde pode asegurar que este ano vaino haber?

O Sr. alcalde contesta que non o podo asegurar soamente dicir o que me comentaron a min de que ata que teñan a data non o van a sacar de maneira pública, entendemos que ao igual que o ano pasado haberá ITV.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez indica que hai veciños e veciñas que miran a primeiros de ano no calendario onde están todos os concellos e así poder programarse, porque hai xente que ten un montón de maquinaria . As explotación gandeiras dinme que por primeira vez dende hai moito tempo, co Concello da Baña non ten ligazón. O ano pasado xa houbo problemas, o que quero dicir é que se debería falar coa empresa ou co organismo público que regula isto e que veñan a A Baña porque é moi necesario.

4.- Agora vou facer alusión á Escola de Música. Creo que é primeira vez en preto de 6 anos que son concelleiro que falo deste tema, salvo facer asuntos sen transcendencia como o local onde se desenvolven as clases, horarios… Creo que o feito que CxG non criticara este servizo é indicativo que era un servizo que funcionaba. E o que está facendo este grupo de goberno coa Escola de Música oficial do Concello da Baña teño que dicir que non o entendo. Non comprendo como algo que funcionaba, que tiña moito alumnado e profesorado competente chegara o PSOE ao goberno e decidira cambiar todo. Non o entendo, igual que moitos veciños veciñas que nolo comentan, e por iso me gustaría que o aclararan aquí no pleno. O Concello da Baña desde hai moitos anos ten contratadas dúas persoas, unha delas para levar a dirección da Escola (un mestre con moita experiencia, competente e con titulación oficial e en dirección de bandas). O PSOE nada máis chegar ao goberno decide que esta persoa (que como digo ten contrato, formación específica e moita experiencia no noso Concello e noutros e leva facendo un importante traballo de promoción e divulgación) non continúe ao fronte da dirección e se decide contratar outra persoa (eu nin idea do motivo espero que mo expliquen). Entendo que se quixese contratar profesores ou profesoras do Concello da Baña, algo que eu comparto totalmente (e encántame que esta dúas persoas formen parte do profesorado xa que son xente moi competente que coñezo hai anos, oxalá houbera máis profesores competentes da Baña), pero agora de 8 profesores só 2 son da Baña, E de igual forma, esta persoa encargada da dirección tampouco é da Baña. Polo que eu non teño preferencia por ningún pero gustaríame que se me explicase o motivo real deste cambio.

Como dixen, CxG non fixo alusión na anterior lexislatura á Escola de Música pero si que a criticou o PSOE desde a oposición. Vou facer a mesma pregunta que fixeron vostedes no ano 2018 máis concretamente o 31 de xaneiro. A pregunta de forma textual é*: Todos os profesores que imparten clase son titulados en música? Hai que ter en conta que ao ser Escola Oficial se algún profesor carece de titulación o prexudicado sería o Concello*. O anterior alcalde respóndelles que non, non hai ningún profesor que

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

careza de titulación e vostede, señor Pereira, no pleno de 28 de marzo solicitan copia desa titulación e preguntan canta xente se deu de baixa na Escola. Naquel momento había 57 alumnos ou alumnas (pola información que nos deron daquela), agora segundo o informe entregado por vostedes, 26 alumnos ou alumnas. Solicitamos nós o mesmo que fixeron vostedes no 2018, queremos resposta a esas mesmas cuestións e copia das titulacións.

Respecto á Escola de Música queremos, ademais, resposta a outras cuestións:

- Existe desde principio de curso unha programación de cada especialidade? Isto é algo obrigatorio por ser unha escola oficial. Solicitamos copia das mesmas.

- Por que antes había unha páxina de Facebook para promocionar a Escola e agora non? Non cren vostedes necesario promocionar debidamente a Escola?

- Durante o período de confinamento a empresa cobrou todo como se se impartiran clases non?

- Durante o confinamento que tipo de programación se levou a cabo por parte da Escola de Música? Fixéronse clases on line ou algún tipo de docencia ou promoción da Escola? Existe un plan docente para un posible caso de confinamento?

- Que tipo de contrato teñen os profesores da Escola? Que tipo de procedemento se levou para a súa contratación? No perfil do contratante non atopamos nada. (Si que sabemos que a principio da lexislatura había dúas propostas e segundo vostedes colleron a máis económica pero non sabemos nada máis) Solicitamos unha copia da RPT da Escola de Música e contratos.

A concelleira do grupo municipal Psde G-PSOE, dona Mónica González contesta que todos os profesores teñen titulación. Parte da Escola de Música fíxose a través dunha subvención e para acceder a esa subvención tes que cumprir unha serie de criterios porque se non non podes acceder a ela. Se no la concederon o curso pasado é porque cumprimos eses criterios e un deses criterios é pasarlle ao órgano competente que xestiona as subvencións a acreditación de que todos os profesores que imparten clases sexan titulados. Por outro lado, respecto ao profesor que está contratado polo Concello durante equis horas e que de feito temos que modificar o seu contrato porque nunca cumpría o horario (debería a anterior Corporación explicar o por que desa contratación). Esta persoa está contratada como profesor non incluía as labores de dirección e de feito, falas de Director de Banda, intentouse activar a Banda fai uns tres anos, e non foi el o encargado, foi o outro profesor que tamén está en nómina no Concello.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez pregunta si hai programación da Escola?.

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González contesta Pasamos unha inspección da Xunta. Casualmente o inspector que veu ao CPI, o inspector de Educación, é tamén o inspector da Escola de Música, e dende o Concello pasóuselle a programación.

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González contesta pregunta se a principios de curso había programacións.

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González explica que se fixeron as programacións por materia e co seu correspondente plan de actuación, e fareichos chegar porque os hai.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez sinala que non se lle contesta á pregunta de se hai algún profesor que imparta clases sen ter a titulación dese instrumento?

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González contesta que non, todos os profesores teñen titulación oficial.

CVD: O/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez sinala que sabe que no contrato desta persoa non pon Director de Banda, pero el ten a titulación. A actual persoa que está ao fronte da Escola de Música, ten a titulación de Director de Banda?

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González contesta que non, pero que eu saiba, non hai que ter titulación para ser director. Nun centro educativo non tes porque ter ningunha titulación especial para ser director.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez sinala que non ten que ter titulación especial pero se o obxecto é montar unha Banda como vostedes venderon a principios de lexislatura , entendo que a Dirección debe ter formación en creación de Banda.

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González explica que estivo en contacto con xente que pertenceu á Banda anteriormente, porque queríamos retomar a Banda con xente nova e con antigos membros da Banda, de feito estábase programando unha reunión e contactouse con varias persoas, pero parouse todo con tema da COVI-19. A nosa idea é promocionar a Escola de Música e retormar a Banda. É certo que á Escola viña xente doutros Concellos pero tamén temos claro que temos que pelexar pola nosa Escola de Música, pero non creo que o tema do Facebook sexa a canle máis importante para sacar a flote este tema.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez sinala pois é o medio que vostedes empregan para todo. Por exemplo cando se cambiou o festival de entroido, púxose no Facebook.

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González explica que a empresa contratada tamén debería de controlar este tipo de problemática.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez reitera que non entendo como algo que estaba funcionando ben como era a Escola de Música, o PSOE entra e cambia todo o sistema, e agora hai menos xente na Escola anotada, poo que creo que está a funcionar peor que antes, de 70 alumnos que tiñan pasamos a 26, hai oito monitores para para doce nenos, é certo que o tema do COVID afecta a todo pero hai Escolas de Música igual que están en lista de espera.

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González replica a intervención do concelleiro voceiro: Non me parece xusto que tomes como referencia a cifra deste ano pola situación tan crítica na que estamos, eu tomo como referencia a cifra do ano pasado que chegamos a 44 alumnos, creo qu esta é a correcta. Antes de entrar nos non había 62, teño as listas e podemos comprobalo.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez insiste en si a concelleira pode confirmar que a Escola de Música era algo que funcionaba, entón por que ese cambio tan brutal? , o que eu quero é que me aclaren isto. Eu sei a promoción que se facía antes e a ques e fai agora e, creo, baixo o meu punto de vista, que baixou o nivel de calidade da Escola de Música da Baña e por iso quero que vostede me aclare que tipo de licitación se fixo, por que se contratou a esta empresa e non se seguiu coa que xa tiñamos contratada, quero que se me aclare todo isto. Teño interese en coñecer as programacións do mes de setembro.

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González explica que hai dous profesores

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

contratados que son empregados do Concello e logo había unha empresa a parte, quixemos contactar con esta empresa para que presupostara, tardarmos case un par de meses en poñernos en contacto con ela, foinos imposible contactar con eles, nin por teléfono nin por correo electrónico.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez explica qué tipo de licitación empregaron vostedes para contratar esta empresa.

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González responde que contrato Menor.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez manifesta que esta contratación excédese un pouco do contrato menor porque se multiplicamos 1.600 x 10 excedémonos xa do Contrato Menor.

A concelleira do grupo municipal PsdeG-PSOE, dona Mónica González responde non son dez meses, son nove meses.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez pregunta:Vostede non sabe que o Contrato Menor non se pode prorrogar ao ano seguinte.

O Sr. alcalde manifestase indicando que non é con ánimo de cortarlle a súa intervención pero pídovos a todos que sexades máis concretos nas vosas intervencións, son as nove e dez e hai un toque de queda ás dez, se a concelleira está dicindo que contestará por escrito, continúe coa seguinte pregunta.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez responde que non é o responsable do toque de queda, vostede debería poñer o Pleno doutra maneira, porque eu teño o mesmo dereito que o portavoz do Partido Popular a formular as miñas preguntas e os meus argumentos coa velocidade que eu estime oportunos.

O Sr. alcalde repite que se a concelleira lle vai a contestar por escrito, formule a seguinte pregunta, e tamén quero aclarar que o tema das licitacións xa se lles contestou ao escrito da Valedora do Pobo, vaise a proceder a regularizar todas as licitacións que se teñen que facer, porque nalgún momento non cumpren co 100% da legalidade.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez manifesta que non cumprir a Lei chámase delito.

O Sr. alcalde explica que cando entrarmos na Corporación, fai ano e medio, non había absolutamente nada licitado, vostedes sábeno, e nos estamos intentando regularizar toda esta situación. É unha situación que non se pode regularizar dun día para outro, estamos facendo os pliegos, intentando poñer todo da maneira que ten que estar.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez: Recoñece que non é un problema que ven de atrás que vostedes tamén están facendo cousas ilegais.

O Sr alcalde: Recoñezo que estamos poñendo todo como ten que estar .

CVD: O/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

5.- Tal como comentamos no anterior pleno, solicitamos permiso para poder consultar como funcionaba o sistema de fichaxe dos traballadores e traballadoras municipais. No propia comunicación pon que nos poñamos en contacto coa funcionaria encargada desa tarefa e a semana pasada pasamos a ver o funcionamento dese sistema de fichaxe que fora implantado polo PSOE a comezo da lexislatura, sistema que custou cartos á entidade local e fora vendido por vostedes en diferentes plenos como unha novidade, un avance e unha boa medida para o control das xornadas laborais. Pois ben, consultámolo (desde aquí quero agradecer a boa disposición da funcionaria que nolo ensinou) e observamos o seguinte: hai traballadores e traballadoras que non aparece nin no sistema, é dicir, non fichan nin nunca ficharon até o de agora, traballadores que fichan algunha vez (de feito miramos só tres ao chou e un deles tiña fichadas entradas e non saídas e outro só durante o mes de xaneiro dúas ou tres fichaxes). As cuestións ao respecto son as seguintes:

- Por que hai traballadores ou traballadoras que non aparecen no sistema de fichaxe? Hai traballadores de primeira e de segunda?

- Como é o procedemento que seguen vostedes cos datos do sistema de fichaxe? Teñen vostedes unha concelleira de Recursos Humanos, Relacións Veciñas e Institucionais e entendemos que é ela a responsable do control horario dos traballadores. Solicitamos un informe dela ao respecto sobre o funcionamento do sistema de fichaxe que inclúa os datos desde que se implantou.

- Non sei se saben que a lei esixe a publicación no portal de transparencia (canto menos semestralmente dos datos de absentismo dos traballadores/as). Por que non se está cumprindo esta lei?

O Sr. alcalde: Das persoas que traballan no Concello e do que eu teño constancia, na Casa Consistorial fichan todos/as os/as empregados/as.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez: Vostede está mentindo.

O Sr. alcalde: Do que eu teño coñecemento todos os traballadores fichan, e se non dígame vostede quen non ficha, todos teñen tarxeta de fichaxe ou un número para realizar os fichaxes de entrada, descansos e saída. Hai que dicir que algúns traballadores teñen horarios distintos polo tema da conciliación familiar, outras veces non aparecen os fichaxes porque se está de vacacións e nalgunhas ocasións tamén se producen erros a hora de fichar, esquecemento, fichar dúas veces a entrada, etc. Trataremos de revisar e de corrixir anomalías.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez: Eu xa lle digo que vostede está mentindo, e dígolle que soamente mirei o fichaxe de tres traballadores, e un deles fichou un día e despois fichou de alí a un mes, debeu de pasar as vacacións no despacho. O que si sei é que non hai control, vostede non levar control do seu Concello, vostede puxo esta medida no Concello como algo innovador e agora non está mirando nada. Gustaríame saber, tamén, como é o procedemento que seguen vostedes co sistema de fichaxes, porque vostedes teñen unha concelleira de Recursos Humanos e Relacións Institucionais, que eu persoalmente, non sei cal é o seu cometido, pero penso que ela ten que ser a responsable do control do horario dos traballadores, polo que solicitamos un informe desta concelleira, Ana Paramos, sobre o funcionamento do sistema de fichaxe que inclúa os datos dende que se implantou, é dicir, os datos dende o 2019, e despois miraremos se vostede é un alcalde responsable , que mira polos seus traballadores, ou simplemente era unha medida que lle gustou poñer aí e logo non se fixo nin caso. Non se sabe que a Lei esixe poñer no Portal de Transparencia os casos de absentismo dos traballadores, de maneira semestral, non creo que o saiba porque non o cumpre, non está cumprindo con esa Lei. O Portal de Transparencia está aí por estar. Debería preocuparse polos traballadores e polo que fan.

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

6.- Relacionado coa pregunta anterior observamos que o portal de transparencia do Concello da Baña segue incompleto. Por que non están publicados tamén as declaracións de bens e actividades dos representantes públicos? Hai máis dun ano o anterior secretario comunicara en sesión plenaria que se ía facer nos vindeiros días e segue sen ser publicada. Cal é o motivo? Lembramos de novo que a lei está para cumprila, mais aínda as leis de participación veciñal e transparencia para que a veciñanza estea informada con total transparencia.

7.- Hai 7 meses no pleno de xuño do ano pasado. A unha pregunta de CxG contestan que o Concello da Baña ía participar no proxecto de Accesibilidade nos Concellos Galegos da Federación de Autismo de Galicia *e que xa se dedica a establecer criterios técnicos comúns sobre a accesibilidade, elaborar materiais informativos e controlar o desenvolvemento do proxecto* e non sabemos nada máis. Contestaron vostedes:

O proxecto de sinalización con pictogramas estaba na fase inicial. Que pedirán información a Down Galicia, á ONCE e a Federación Galega de Autismo e unha vez que lle remitan información ían convocar vostedes una reunión cos tres grupos políticos.

Van alá máis de 7 meses e non sabemos nada máis.

Lembramos que esta proposta foi aprobada no ano 2018 e presentada polo PSOE, polo que solicitamos que se cumpra o acordo canto antes.

A concelleira do grupo municipal do PsdeG-PSOE, Mónica Gonzalez,: Puxémonos en contacto coa Federación de Autismo, démoslle información dos nosos edificios, de feito cando os datos da COVID non eran tan altos, una das súas técnicas estivo aquí, acompañámola ás distintas instalacións para ver onde colocar os pictogramas. Mandáronnos uns vocetos dos pictogramas, que vos podo pasar, estamos a espera do que nos digan, preguntaron se queríamos facer algunha corrección. Eu paseillo a distintos técnicos do Concello por se detectaban algo. Este tema está en marcha.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez: Pero deste xa fai sete meses e se eu non fago alusión vostedes non din nada. Non me parece serio dicir que van a convocar e despois non nos convocan.

A concelleira do grupo municipal do PsdeG-PSOE, Mónica Gonzalez,:Si, foi un erro, deberiamos ter convocado, pero foi un proceso longo, de reunións, de estar en contacto, recoñezo publicamente que se me pasou convocar pero tamén digo que este proxecto está case rematado.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez: Quero que saiba que as persoas con discapacidade tamén son moi importantes e que o Sr. Pereira presentou esta Moción no ano 2018 e no 2021 aínda non se cumpriu.

8.- Observamos un novo dato erróneo do señor Pereira e un novo incumprimento (que vostedes dirán que é un erro pero xa van unhas cantas nesta lexislatura) desta volta respecto á denuncia á Valedora do Pobo. No informe que envía vostede en resposta á nosa queixa pola evidente falta de transparencia e cumprimento da lei de contratos di vostede respecto á contratación da empresa que leva o SAF "*actualmente xa están redactados os pregos de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescrición técnicas".* É certo como di no informe que xa están redactados os pliegos?

Como é que vostede lle encarga esta tarefa ao traballador social que non ten coñecementos en

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

contratación non sería mellor encargarllo a un funcionario que lle correspondera esta tarefa? Non terá o traballador social traballo abondo na súa área?

O Sr. alcalde: O anterior secretario, Dalmiro, tiña os pliegos elaborados e a actual secretaria está levando os pliegos que ela considera.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez: Como lle encarga esta labor ao Traballador Social se el non ten coñecementos nesta materia.

O Sr. alcalde: Ao traballador Social non se lle mandou facer os pliegos, pedíuselle, por parte de Secretaría, unha serie de datos para elaborar os pliegos de acordo coas necesidades do Servizo. Entón eu digo, ben claro, que o Sr. Pereira non lle mandou elaborar os pliegos ao Traballador Social, vostede minte. Ao traballador Social pedíronselle datos para confeccionar o pliego.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez: Eu non minto. Estiven con traballador social no seu despacho e díxome que tiña que preparar os pliegos.

No informe da Valedora tamén di vostede:
"A dificultade técnica da propia licitación e a situación sanitaria provocada pola COVID motivou un retraso de case un ano" e *"a intención deste equipo de goberno é elevar ao Pleno a aprobación do expediente de contratación no mes de decembro e licitar na primeira quincena do mes de xaneiro"*. Evidentemente non cumpriu nada do prometido á Valedora. A que se debe este novo incumprimento por parte de vostede?

O Sr. alcalde: Que incumprimento?. Eu díxenlle a vostede iso?, aí pon ben claro "a intención é de levar?

9.- Solicitamos por escrito un informe de tesourería onde se fixeran constar os gastos en materia de comunicación e publicidade. No que se especificaran os importes pagados á prensa, radio, empresas de comunicación, etc. E polo de agora non se nos entregou nada. Solicitamos que se nos entregue con celeridade.

O Sr. alcalde: En canto a tesoureira poda facelo, entregarase.

10.- No mes de decembro tivemos unha reunión co traballador social, a concelleira Mónica González e representantes dos dous grupos da oposición. Nesa mesma sesión prometéusenos un informe económico comparativo entre o servizo de Comedor sobre Rodas e o de Xantar na Casa. Volvemos solicitalo no pleno de hai un mes e aínda non temos nada. Solicitamos de novo que se nos facilite este informe e volvemos pedir máis rigor, interese e seriedade polos servizos sociais municipais.

A concelleira do grupo municipal do PsdeG-PSOE, Mónica Gonzalez: Teño que dicir que o traballador social ten agora mesmo unha carga importante de traballo pero en canto o teña listo, facilitaráseche.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez: É unha conta que se fai en media hora, de feito, o traballador iao facer aquel mesmo día e vostede estaba tamén alí.

A concelleira do grupo municipal do PsdeG-PSOE, Mónica Gonzalez: Se che mandamos un informe escueto, protestas, agora soamente queres unha cifra, entón farémolo a nosa maneira e entregaráseche, pero temos máis cousas que facer, máis ocupacións que poñernos a facer informes.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez: O informe tiña que estar feito previamente a aquela reunión e non estaba, pedino no Pleno de decembro e agora vólvoo a pedir neste Pleno de xaneiro, non teño presa, pero eu o que necesito é ter a documentación para

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

valorala.

A concelleira do grupo municipal do PsdeG-PSOE, Mónica Gonzalez: Penso que é unha opinión persoal que penses que o alcalde foi á radio a rirse doutro programa.

O Sr. alcalde: Eu na radio digo o que quero e cando quero.

11.- Solicitamos explicación dunha factura pagada á empresa COTELGA por un importe de 5897,50 euros en concepto de "guantes de nitrilo". Que cantidade de luvas se adquiriron?

O Sr. alcalde: Se os queres vir ver está aquí todos gardados. Fíxose un pedido desa cantidade e están os guantes aquí gardados. Son para o Servizo de Axuda a Domicilio.

12.- Observamos que se colocou unha varanda na rúa Castelao. Por que motivo se colocou nesa beirarrúa e non na beirarrúa oposta onde hai exactamente o mesmo problema?

O Sr. alcalde: Colocouse aí por unha necesidade de perigo, polo desnivel que había e podía haber un accidente en calquera momento. No outro lado cando se poida farase tamén.

O voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, don César Ramos Domínguez: Do outro lado hai o mesmo perigo.

O Sr. alcalde: É o que cres ti, cando ti esteas ao fronte de obras ou urbanismo farás o que ti creas, nos consideramos que esa era máis perigosa.

13.- No referente aos informes, solicitamos un informe, con datos obxectivos (non opinións) sobre as tramitacións realizadas polos servizos sociais municipais: numero de solicitudes de RISGA, de pnc, de saf, emerxencia social, altas de usuarios no SAF, solicitudes para ingreso mínimo vital, etc. Todo o que se recolle na sede electrónica tanto da xunta como do concello. Comparar así dous anos pechados, 2019 e 2020 (que foi en marzo cando empezou o COVID) así comparamos e podemos ver a necesidade dunha contratación.

Ás 21:42 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria-interventora, dou fe.

José Antonio Pereira Gil, alcalde-presidente

Ángela María Viqueira Allo

CVD: 0/Tk6T6nlYqqRbKvG6vL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.